REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº95|Ano 2011

Corazón dixital

Avaliamos o CPDI do Monte Gaiás

- **REDE OPERGAL**
  Operadores galegos en pé de loita
- **CENTRO DEMOSTRADOR TIC**
  O software galego, máis visíbel ca nunca
- **FESTIVAL MUNDOS DIXITAIS**
  Ticket para o futuro

- **TREBELLOS PARA AS VACACIÓNS**
  Os gadgets máis axeitados para o lecer

O FACTOR HUMANO: O CPEIG amosa as claves da competitividade

Ineo

Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación

www.ineo.org

Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTORES_
Carlos Ballesteros_subdirector@codigocero.com_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
REDACTOR XEFE_
Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
Número 95
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

Neste número...

Dicía hai pouco unha coñecido experto en comunicación que as redes, con todo o que están a pór en xogo, fan en ocasións máis mal que ben. Sobre todo entre aquelas persoas que non teñen maneira de controlar o tempo que lle dedican ás súas afeccións. Xa a un nivel informativo, os seus argumentos baseábanse en que tanto coñecemento universal ao que temos acceso provoca o efecto contrario do desexado: a ignorancia. Ben, a cousa é así nalgúns casos, opinamos nós, pero cómpre que vexamos o conxunto e albiscar se o positivo pesa igual ou máis có negativo. De darse este último caso, a defensa das redes obtén xustificación. Do mesmo xeito, se hai un goberno ou sistema político inxusto e insolidario coa cidadanía que se vén abaixo grazas ao potencial convocador das redes, cousa que semella que ocorreu en certos países árabes, cómpre telas de novo en conta. A cousa está, como acontece con tantas cousas, no uso que lle deamos. Un libro pode servir para calzar unha mesa ou ben para tiralo dende un segundo andar a ver a quen lle cae na cabeza. A Rede é un pouco así: a enleada do século ou unha gran vantaxe. De cousas positivas que se poden facer con ela trata, máis que nunca, este número 95 de Código Cero. Comezando para enriquecer o audiovisual (co certame Mundos Dixitais á vista), continuando pola mellora da Administración (facendo fincapé no Centro de Proceso de Datos Integral do Monte Gaiás, ao que lle dedicamos varias páxinas) e rematando coas múltiples facianas en que impulsan a competitividade das empresas.

O humor de Henrique Neira

SUMARIO 95

NOVAS

4 Resumo de actualidade de conemercio electrónico e de empresas TIC

REPORTAXES

6 O festival Mundos Dixitais celébrase na Coruña do 6 ao 9 de xullo
7 Os operadores galegos de rede sen fíos únense contra a fenda dixital
8 A Universidade de Santiago premia os mellores proxectos de innovación
9 Presentamos o despacho intelixente made in Galicia
10 Entrevistamos a Adrián Lence, subdirector xeral subdirector xeral de Infraestruturas e de Telecomunicacións
12 Visitamos o Centro Demostrador TIC de Santiago
13 Emporia presenta na Coruña un novo móbil para persoas maiores
14 A innovación galega ferve de proxectos e recursos novos
19 A galega Ledmon amosa a súa televisión exterior en Pontevedra
20 Presentada a Rede Vigiliam para a promoción das nosas empresas
21 En marcha Musiqueoh, unha web para impulsar a nosa música
22 Entrevistamos a Javier Osuna, director de Investigación e Desenvolvemento de Imaxdi
24 O CPEIG convidou a tres relatores de primeira liña para falarnos de competitividade TIC
26 Ineo fai reconto do máis salientábel das súas empresas en materia de seguridade
28 Na Rede máis de 300 pezas de tradición oral

ESPECIAL CIDADE DA CULTURA (II)

16 Avaliamos en detalle o potencial e as vantaxes do CPDI do Monte Gaiás

GADGETS

29 Escolmamos os trebellos tecnolóxicos do mes que máis nos chamaron a atención

XOGOS

30 Repasamos o máis salientábel da tempada en materia de consolas e videoxogos

Presentan en Lugo unha ferramenta para a xestión de competicións de tenis e pádel

Tenis Manager, S.L., empresa creada en 2010 nos viveiros da Fundación CEL-Iniciativas por Lugo, presentou hai poucos días o seu proxecto empresarial e a páxina web que dará soporte aos seus contidos, tenismanager.es, orientada sobre todo ao eido do tenis, e que busca converterse no punto de encontro en España entre xogadores e organizadores de competicións de tenis e pádel. Os promotores da empresa presentaron tamén SportPlanner, unha innovadora aplicación aloxada na web que permitirá a xestión de torneos en todo o territorio nacional de forma totalmente informatizada, rápida, simplificada e económica.

A presentación tivo lugar no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, e contou coas intervencións de Ignacio López López, xerente e CEO de Tenis Manager S.L., que explicou as características do proxecto empresarial; José Antonio Pereiro Rodríguez, presidente da Federación Galega de Tenis, organización que vai utilizar esta ferramenta no proceso de modernización tecnolóxica da súa actividade, e de Luís García Santalla, presidente da Fundación CEL.

Os responsables do proxecto aseguran que «a idea naceu ao detectar un claro déficit de ferramentas web para a organización de torneos» (aseguran que non existe en España unha aplicación web como SportPlanner).

Ademais da aplicación de xestión de torneos SportPlanner, Tenis Manager proporcionará a través da súa páxina web unha serie de servizos de información e contacto destinados ós "profesionais dos distintos grupos que conforman o variado universo que se crea ao redor deste tipo de deportes".

Unha videoconferencia serve para presentar o Festival de Ortigueira 2011

O secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro Durán, participou recentemente na presentación do Festival de Ortigueira 2011 que se realizou a través de videoconferencia desde a aula CeMIT de Ortigueira e as aulas do Centro Multimedia de Galicia en Santiago, A Coruña, Castro Caldelas e Vilagarcía de Arousa.

No acto proxectouse un vídeo de presentación da edición deste ano do Festival de Ortigueira, e grazas ao uso das TIC púidose difundir o evento en tempo real dun xeito máis amplo que con eventos tradicionais, á vez que se lle deu unha maior visibilidade aos recursos dispoñibles nas aulas CeMIT.

Entre os músicos confirmados no cartel do XXVII Festival Internacional do Mundo Celta que terá lugar entre os días 7 e 10 de xullo no Concello de Ortigueira figuran os grupos Riveira (Chile), Stolen Notes (Andalucía) , Ultrâqâns (Galicia), Óscar Ibáñez & Tribo (Galicia), os escoceses Skeryore, a Escola de Gaitas de Ortigueira, Berrogüetto, David Pasquet Group (Bretaña) e The Urban Folk Quartet (Inglaterra), Luar na Lubre, The Elders (EE. UU.) e Searson (Canadá) entre outros.

O Festival de Ortigueira presentouse por videoconferencia facendo uso dos recursos das aulas CeMIT

O Cluster TIC márcase como obxectivo un 4,7% no noso sector TIC

O Cluster TIC de Galicia, que presentou onte en Santiago o seu Plan Estratéxico 2011-2013, ten para os vindeiros anos importantes retos empresariais, tecnolóxicos e sociais, tanto no que se refire a crecemento propio e dos seus integrantes como do piar no que se insire e do que recibe alento: a sociedade galega por enteiro. Para comezar, a plataforma TIC prevé importantes medres na facturación dos seus asociados no exercicio actual e nos dous seguintes. No plano dos números e facendo unha media fiable, estariamos a falar dun crecemento do 4,7% anual nas vendas das empresas integrantes. Así, para o presente ano agárdase un aumento de tres puntos porcentuais, que se elevará ata un 5% en 2012 e continuará o seu ascenso en 2013, para acadar o 6%.

A presentación destes e outros datos celebrouse no Centro Social de Novacaixagalicia en Santiago de Compostela, nun acto que estivo presidido polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, e ao que tamén asistiron o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, e a directora xeral de Modernización e Innovación tecnolóxica, Mar Pereira.

Como avanzamos, os obxectivos destacados do Plan Estratéxico 2011-2013 do Cluster TIC Galicia son impulsar a competitividade e a produtividade. A nivel de cifras e datos concretos, os grandes retos do Plan son promover a posta en marcha de 29 proxectos de I+D+i; elevar un 4% anual o gasto real neste capítulo das empresas membros da organización; impulsar a creación de 17 empresas de base tecnolóxica; promover a participación de 80 firmas en programas de mellora do acceso a fontes de financiamento, ou dar formación especializada a 380 directivos e profesionais do sector.

CLUSTER TIC GALICIA

Xa está dispoñíbel en galego a versión 3.4.1 do paquete ofimático LibreOffice

LibreOffice, a continuación da suite ofimática OpenOffice logo de que esta ficase estancada en mans de Oracle, continúa a bo ritmo, achegando novas versións, sumando apoios e demostrando que é posíbel ter unha ferramenta da máxima calidade con total independencia da influencia empresarial. Así nolo conta Antón Méixome, membro de The Document Foundation (a comunidade mundial que se encarga do desenvolvemento do LibreOffice), que informa de que está xa dispoñíbel a versión 3.4.1 da suite, o que constitúe a segunda versión estábel da familia 3.4, "enfocada a todos os individuos e as empresas". Segundo engade Antón, a versión 3.4.1. soluciona varios defectos que lle afectan á versión anterior, e pode ser implantada con seguranza en produción por parte da maioría dos usuarios.

Para quen queira ir dándolle o máximo uso a este paquete, que como dixemos colle a testemuña e o espírito de OpenOffice para situalos na vangarda da Rede de hoxe, dicir que xa se pode descargar en galego dende a páxina web do equipo que representa á nosa terra en The Document Foundation: gl.libreoffice.org/descarga.

Máis de cen empresas de Galicia e Portugal usan xa as ferramentas de ER-INNOVA

Imaxe do evento final de presentación dos resultados de ER-INNOVA

Máis dun cento de pequenas e medianas empresas do sector das enerxías renovables de Galicia e o Norte de Portugal están a usar xa as ferramentas desenvolvidas no marco do proxecto europeo ER-INNOVA para mellorar a súa capacidade competitiva. Os seus representantes, así como responsables doutras empresas, asociacións sectoriais e plataformas tecnolóxicas, asistiron este mes á presentación de resultados desta iniciativa transfronteiriza co financiada pola Unión Europea (UE) a través dos FEDER e coordinada por tres socios galegos e un portugués.

Durante o evento, que tivo lugar en Ourense na sede do xefe de fila do proxecto (Parque Tecnolóxico de Galicia-Tecnópole), a directora de Tecnópole, Luisa Pena, animou "a todas as PEME do sector das enerxías renovables da Eurorregión a sumarse ás cen que xa están a utilizar as ferramentas creadas no marco de ER-INNOVA, todas elas cun elevado índice de satisfacción nesta primeira fase de implantación".

O proxecto ER-INNOVA materializouse xa nun programa piloto de implantación de ferramentas de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC) en aproximadamente un cento de PEME da Eurorregión Galicia-Norte de Portugal.

A implantación destas ferramentas (un ERP específico e un portal web dotado de mercado virtual e servizo de facturación electrónica) nas PEME participantes durante a fase piloto e a súa posterior extensión a outras do sector ten como obxectivo mellorar a capacitación da rede empresarial da Eurorregión para gañar en competitividade e albergar o desenvolvemento de iniciativas innovadoras de carácter cooperativo.

O partenariado está formado por tres socios galegos e un portugués: Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) como xefe de fila; a Asociación de Empresas Galegas adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (EGANET); a Fundación para ou Fomento dá Calidade Industrial e ou Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, a través da súa Oficina de Programas Internacionais de I+D+i (OPIDi); e NET Novas Empresas e Tecnologias, S.A.- Business and Innovation Centre do Porto (NET-BIC Porto).

R consegue ir alén das 100.000 liñas de móbil

O operador galego R segue en racha. Logo de ter sido elixido unha vez máis como o que mellor cotas de satisfacción acada entre os seus clientes, dentro do seu sector no ámbito estatal e no que se refire a atención aos usuarios, vén de conseguir un importante logro no que se refire ao número de liñas de móbil ás que dá servizo: a día de hoxe xa máis de 100.000. Segundo informa a empresa galega nun comunicado de prensa publicado na súa revista en liña, destas 100.000 liñas acadadas, preto de 78.000 foron contratadas por clientes particulares, e as restantes por empresas. Con estas e outras cifras, a firma de telecomunicacións ponse á fronte da nosa terra en materia de crecemento de negocio en telefonía móbil.

Ao abeiro do devandito e segundo se reflicte en medios como El Progreso, os moi bos números conseguidos en materia de telefonía móbil tamén se reflicten na taxa de novos servizos diarios, que a día de hoxe está en máis de 100 novas liñas. Isto empraza a R no cumio do ranking en portabilidade, tanto a nivel estatal como na nosa terra. Este medre responde ás tarifas que buscan aforrar e ofrecen tamén conexión a internet no móbil, conta a firma galega.

Mundos Dixitais: realidade evolucionada

O festival especializado en animación e tecnoloxías desenvólvese na Coruña do 6 ao 9 de xullo

Redación

Que os anos non pasan en balde é unha expresión que a moitas persoas lles pode soar a algo negativo (a declive ou a envellecemento), pero cómpre ter en conta que, así como vén, así se lle pode dar a volta e dicir, claramente e para que se escoite, que a experiencia é un grao. E experiencia, precisamente, é o que lle sobra a Mundos Dixitais, o Festival Internacional de Animación, Efectos Especiais, Videoxogos e Arquitectura Dixital, que cumpre unha década e que o vai celebrar na Coruña co programa de actividades máis ambicioso da súa historia. Vémolo en www.mundosdigitales.com.

O evento, que se consolidou neste tempo como unha das referencias internacionais do sector, celebrará o seu décimo aniversario entre os días 6 e 9 de xullo, nun acto que prevé a asistencia de máis de 400 participantes relacionados coa arte da dixitalización de contidos.

Así o avanzou hai uns días o director do festival, Manuel Meijide, nunha rolda perante os medios á que asistiron, entre outros, o secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, o reitor da UDC, José María Barja ou o alcalde da Coruña, Carlos Negreira.

Durante os catro días que dura o encontro, poderanse ver na cidade herculina os últimos avances en eidos como a arquitectura dixital, o cinema de animación, os videoxogos e os efectos especiais, enmarcados nun programa que Meijide cualificou de "intenso, case extenuante", referíndose a que logrou atraer aos profesionais máis brillantes de cada campo que abrangue o festival.

Así, ademais da presenza destacada do fundador de Pixar, Alvy Ray Smith, (que recibirá un premio especial do festival), o evento dará acollida ao deseñador de software e artista dixital, Peter Plantec, ao gurú dos efectos especiais, Eric Roth ou ao arquitecto dixital, Michael J. Brown, entre outros importantes persoeiros.

Porén, neste caixón de xastre dixital no que se dan cita os máis prestixiosos profesionais de distintos sectores TIC e audiovisuais, tamén hai espazo para os emprendedores ou axentes empresariais que acaban de iniciar a súa andaina, e que ano tras ano, atopan nas sesións de recrutamento un lugar de encontro axeitado entre profesionais e empresas no que pór en común as súas necesidades, e desenvolver proxectos ombro con ombro.

Cómpre salientar tamén a entrega dos 3DAwards, os premios internacionais máis importantes da disciplina, aos que aspira como finalista un proxecto español presentado polo Grupo de Visualización Avanzada VideaLAB en colaboración coa compañía coruñesa Ilux Visual Technologies.

Da xornada dedicada á animación e ao cinema destacan as presentacións de tres empresas galegas: Moonbite Games, Perro Verde Films e Otiiplanet, que amosarán cadanseus proxectos dixitais de éxito, así como a proxección, no Teatro Colón Novacaixagalicia, de Electronic Theater, unha selección dos mellores traballos da industria de contidos dixitais.

O festival remata o sábado, día 9, cunha mesa redonda sobre a saúde do sector en España, así como coa tradicional cerimonia de entrega de premios do Festival Internacional de Animación, que segundo Meijide, é unha cita que "cada ano reúne as mellores curtametraxes de animación de todo o planeta".

Homenaxe a Alvy Ray Smith

Mundos Dixitais xa se albisca ao lonxe (do 6 ao 9 de xullo), e xa hai quen conta os días á espera de poder mergullarse de chego no máis avanzado desa mestura de cousas que son as linguaxes audiovisuais collidas da man das tecnolóxicas, e todo coa vantaxe de non saír da nosa terra (celébrase de feito na Coruña) e co beneficio engadido de que sexan os de fóra, especialistas de toda índole en innovación ao servizo da animación ou os

videoxogos, os que teñan que vir acó. Entre estes especialistas cóntase Alvy Ray Smith, cofundador de Pixar, a casa responsable de grandes éxitos como Toy Story ou Wall-E e en boa medida culpable de que as ferramentas de creación dixital teñan obtido a carta de madurez creativa.

Precisamente Smith será un dos grandes protagonistas do encontro, un dos de meirande relevancia no panorama europeo e que xa vai pola súa décima edición. Por certo que Alvy Ray Smith estará na Coruña para algo máis que falarnos da súa experiencia no que atinxe á apertura de novos camiños audiovisuais: vén a recoller o premio especial que concede o festival galego, desta volta concedido a Smith polo seu importante labor en materia de creación de novos mundos, máis que nunca mundos dixitais.

Segundo se conta, Alvy recibirá na Coruña o máximo recoñecemento do festival patrocinado pola Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e Novacaixagalicia, "polo seu papel decisivo na contratación de John Lasseter, animador de Disney que dirixiu a primeira película feita con gráficos por computador, The Adventures of Andre Wally B., unha peza que se exhibe nos museos de arte contemporánea de todo o planeta".

Por certo que o festival pinta moi ben, está fóra de toda dúbida, pero dende aquí queremos facer un chamamento para que se inclúa unha versión en galego da páxina web, www.mundosdigitales.com, a fin de contas estamos a crear selo e marca audiovisual, e unha lingua propia (tal e como se está a demostrar en éxitos recentes alén das nosas fronteiras, como Crebinsky ou 18 Comidas) tamén é un reclamo de primeira.

Que non haxa vila nin aldea sen internet!

O operadores galegos de redes sen fíos de banda larga únense na loita contra a fenda dixital

Para coordinar e actuar de xeito conxunto no espallamento de redes de banda larga sen fíos en Galicia vén de nacer a Asociación de Operadores Galegos de Redes Sen Fíos de Banda Larga, OperGal (opergal.com), formada inicialmente por 10 empresas galegas especializadas no sector que operan redes que dan cobertura de Internet en máis de 110 concellos galegos nos que superan os 11.000 usuarios entre particulares, empresas e administracións públicas.

Estas compañías contribúen especialmente en achegar a Rede a lugares a onde habitualmente non chegan os operadores tradicionais, conseguindo dar unhas conexións de acceso a unha velocidades que poden considerarse de banda larga e a uns prezos bastante competitivos, de xeito que a conectividade no rural galego deixa de ser un luxo.

As empresas que conforman inicialmente OperGal son Duo Teleco, Gestecno, Gestión de Datos, eLan (Icoeume), Intermax Technology, Mira Novas Tecnoloxías, S.L. (Minotec), Nauta, Tripla, Red de Enseñanza Multimedia (REDEM), Javier Mouriño López e Terra Cha Technology, que suporían preto do 90% do sector en Galicia, e xa estableceron contactos con outras compañías máis cativas que manifestaron o seu interese en adherirse á nova asociación.

No acto de presentación de OperGal que tivo lugar a mediados de xuño no Hotel Porta do Camiño en Santiago de Compostela formalizouse a creación da asociación e asegurouse ante os medios de comunicación que actualmente as compañías asociadas xeran uns 50 postos de traballo en Galicia, o que pode incrementarse considerablemente (superando incluso os 200) de acadar Intermax Technology unha subvención da Xunta de Galicia para o despregue da banda larga sen fíos no rural galego (que cubriría o 40% dos investimentos para loitar contra a fenda dixital no rural, cuns 275.000 fogares sen acceso á Rede) , para o que contan co apoio do resto de integrantes de OperGal para levar as súas redes sen fíos en banda libre a usuarios finais e incluso agardan poder achegar a conexión a través de banda licenciada alí onde sexa preciso grazas á colaboración doutras compañías que operan en Galicia.

A profesionalidade das compañías que conforman OperGal queda evidente no duro traballo que veñen a desenvolver principalmente nos últimos 3 anos, nos que moitos concellos cunha cobertura de acceso á Internet deficiente viron como pequenos núcleos de poboación moi dispersos puideron subirse ao carro da Sociedade da Información grazas a estas redes sen fíos espalladas por compañías locais. Algunhas destas vilas incluso estaban beneficiadas por plans de espallamento da banda larga, e tiveron que recorrer aos servizos de compañías integrantes de OperGal para poder reforzar as infraestruturas sen fíos (como está a acontecer no caso do concello lugués de Palas de Rei).

Representantes das empresas que conforman a asociación:

Duo Telecomunicaciones S.L.
José Antonio Garrido Cimadevila (VICEPRESIDENTE)
Gestecno Gestión de Datos S.L.
Manuel Vidal Herbón
Instalaciones y comunicaciones del Eume ICOEUME S.L.
Ignacio Concheiro Coello
Intermax Technology S.L.
Javier Mouriño López
Mira Novas Tecnoloxías S.L.
Roberto Carlos Valverde Sabín (PRESIDENTE)
Nauta
Pablo Fernández Campelo (SECRETARIO)
Operadora Tripla S.L.
Carlos Balsa
Red de enseñanza Multimedia S.L.
Manuel Vidal Herbón
Terra Cha Technology
Juan Manuel García Díez
Javier Mouriño
Javier Mouriño López

A innovación sempre ten premio

▲ Os integrantes do proxecto gañador do primeiro premio, fotografados por Santi Alvite

Ampla presenza das TIC nos galardóns á innovación empresarial da Universidade de Santiago

A edición número once do Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da Universidade de Santiago ten sabor tecnolóxico-dixital. De feito, segundo informa a USC, o primeiro premio foi dar un proxecto que axunta recursos lingüísticos e ferramentas informáticas. Todo isto encamiñado a unha das grandes materias pendentes do noso tempo, por moito que se teña avanzado dende xigantes como Google ou Yahoo!: afinar ao máximo as buscas e conseguir que a operación de procura sexa de verdade rendible entre tanta información que non vale ren. O proxecto, que se encamiña á creación de motores de busca en corpus lingüísticos, vén da man da firma Cilenis, impulsada dende os viveiros da USC, tendo o seu xermolo no labor de investigación do grupo GE/ProlNat (Procesamento da Lingua Natural) de Filoloxía.

A iniciativa empresarial, aínda un proxecto en desenvolvemento con potencial importante de negocio (cousa que valorou especialmente o xurado), está a piques de entrar nunha nova fase de traballo, tirando partido das novas tecnoloxías aplicadas á lingua para a recuperación de datos e procura de recursos lingüísticos para o deseño de novos recursos en galego, portugués, castelán, inglés e francés.

O premio foi entregado polo reitor Juan Casares no transcurso dun acto institucional, de peche da edición 11 do certame, desenvolvido no Colexio de San Xerome. Para recoller a distinción acudiron tamén os responsables do proxecto, entre os que se contan Pablo Gamallo, doutor pola USC; Marta Muñoz e Iria del Río, licenciadas pola Universidade de Salamanca; Marcos García, licenciado da USC; Isaac José González, enxeñeiro técnico da Universidade da Coruña; Luis Magariños, licenciados da Universidade de Vigo. Os impulsores desta idea empresarial recibiron un premio de 5.000 euros máis a opción de acceder a outros 24.000 de préstamos participativo a cargo de Unirisco Galicia SRC.

Sobre os restantes galardóns, cómpre subliñar o recoñecemento dado a Biostat, que se fixo co segundo premio (3.000 euros) e co galardón especial Muller Emprendedora polo gran potencial da súa proposta, unha empresa especializada na achega de servizos de bioestatística para os sectores ligados á investigación médica, biolóxica e científica en xeral, buscando tirar proveito do interese cada vez maior na formación no eido estatístico asociado á I+D. Trátase dun proxecto que abrolla do grupo multidisciplinar GRID ECMB (Grupo Interdisciplinario de Estatística, Computación, Medicina e Bioloxía). Tras esta iniciativa atópanse a catedrática da USC Carmen Cadarso; o doutor en Bioloxía pola USC, Vicente Lustres; a licenciada en Matemáticas pola USC, Isabel Mª Martínez; e a diplomada en Estatística pola Universidade de Salamanca, Altea Lorenzo.

O Premio Empresa Xove, que supón a entrega de 2.000 euros, recaeu nesta edición en www.plasae.com, portal web orientado ás pequenas e empresas do que xa temos falado polo miúdo en Código Cero (con motivo da súa presentación en Santiago) e que entre outras cousas oriéntase a facilitar a optimización, no seo das empresas, de todo o material tecnolóxico e de programación ao que dean acubillo, sinalando que se pode potenciar e que suprimir e achegando informes constantes de recursos e viabilidades para a toma de decisións. Este é un proxecto que promove o licenciado en Administración e Dirección de Empresas pola USC José Higinio García, que ademais contará coa participación como socios estratéxicos do catedrático da Universidade da Coruña Antonio Grandío, e de Cokidoo, Planificación Jurídica, Audicon, Wike e de Microsoft.

A maiores dos premios entregados, a licenciada pola USC Ana Paula Martínez recibiu o galardón na categoría Proxecto Emprendemento Social (2.000 euros) por CAFI. Psicoloxía, familia e adopción, entendido como "un centro de atención familiar e infantil que oferta servizos psicolóxicos destinados ás familias e persoas que a título individual necesiten axuda especializada para resolver problemas de índole intrapersoal ou relacional", informa a USC.

Despacho intelixente *made in* Galicia

O proxecto galego **Vectigalia** faise cun premio sobre innovación na oficina

Ao falar de despacho intelixente, a maioría de nós pensamos nun despacho do futuro, con mobles de corte vangardista totalmente robotizados que fan o traballo por nós, e con todo tipo de dispositivos electrónicos conectados á Rede para non perdérmonos nada de canto sucede no noso entorno global.

Porén, algo máis ou menos similar ao descrito xa o podemos atopar na actualidade, sen necesidade de coller a máquina do tempo e viaxar ata finais de século, coa única diferenza de que as máquinas aínda non fan o traballo por nós (pero todo se andará).

Tampouco hai que viaxar moi lonxe no espazo para ver un despacho con estas características, pois o último gañador do premio Viva la Experiencia del Despacho Inteligente, organizado por Sage, é de orixe galega.

Concretamente, o seu creador, Luis Bermúdez Riobóo, é da Coruña, e co seu proxecto Vectigalia, que reflicte unha transformación cara un modelo innovador capaz de adaptarse aos cambios do entorno tecnolóxico, vén de facerse co recoñecemento do líder mundial en desenvolvemento e comercialización de solucións de xestión empresarial.

Os principais valores que marcan as diferenzas de Vectigalia foron a súa aposta polas novas tecnoloxías, os servizos de gran consultoría adaptados ás pequenas empresas, e os servizos orientados aos clientes, que fixeron deste despacho intelixente o máis innovador de tódolos presentados ó concurso, un total de 63 proxectos.

O seu ecosistema integra un ERP como elemento central que canaliza tódolos procesos clave do despacho, dende a xestión de expedientes ata a relación directa co cliente, o que permite aforrar tempo e custes e mellorar o desenvolvemento do negocio.

Desta maneira, o despacho achega unha serie de ferramentas informáticas que proporcionan valor engadido á información, ao coñecemento e á creatividade dos traballadores do despacho, converténdose, en palabras do seu creador, "en ferramentas que complementan e diferencian a Vectigalia".

Finalistas do certame

O gañador do concurso

Entre as ferramentas máis salientables, o despacho gañador inclúe un Sistema de información estratéxico, unha Plataforma de traballo colaborativa, un Wikidespacho e un espazo virtual de comunicación co cliente.

Para facer realidade este proxecto virtual, Vectigalia recibiu un completo pack de solucións Sage Despachos Profesionales valorado en máis de 50.000 euros, que inclúe ferramentas de análise do negocio, de xestión de documentos, de factura electrónica, s-ScanDoc... así como un amplo abano de equipamento tecnolóxico achegado por parte de HP (escáner, impresora e portátil), Vodafone e RIM-BlackBerry.

Luis Bermúdez, administrador de Vectigalia, mostrou a súa satisfacción por ter recibido este premio, sobre todo "tendo en conta o alto nivel dos proxectos competidores", afirmou.

Os dez piares da oficina que pensa

Vectigalia presentou e desenvolveu a súa visión da oficina intelixente a través dos dez piares que forman parte, precisamente, do funcionamento diario dun despacho profesional:

- A eficacia
- Os procesos e os indicadores, como parámetros para avaliar o éxito da nosa xestión
- A satisfacción do cliente
- A retención dos profesionais con talento
- A actualización das tecnoloxías da información
- A xestión do coñecemento e a aprendizaxe continua
- O medre tanto nos obxectivos máis nidios como na facturación, e tamén en formación, recursos e servizos
- A calidade na xestión das operacións
- A anticipación aos cambios da contorna e do mercado
- A responsabilidade social

Unha iniciativa que Eufemio Escobar, director xeral de Sage, sitúa en liña coa estratexia e a filosofía da compañía, "este ano queremos potenciar a conversión dos despachos de tipo tradicional en despachos intelixentes; estamos convencidos de que apostar polos nosos dez piares é apostar pola innovación, o medre e o éxito. Ao mesmo tempo, estamos moi contentos da alta participación, 63 proxectos, e da calidade das iniciativas presentadas, que non sen dúbida unha radiografía da situación das oficinas no noso país e cara a onde queren dirixirse; nós estaremos ao seu carón neste camiño cara a un negocio que marque as diferenzas".

"A renegociación dos contratos de servizos de telecomunicacións vai traer importantes aforros e melloras"

ADRIÁN LENCE

Falamos das novas achegas de R e Telefónica á Administración autonómica co subdirector xeral de Infraestruturas e de Telecomunicacións da Xunta

A Xunta vén de renovar e renegociar con R e Telefónica os contratos de servizos TIC que estas dúas compañías están a achegar á Administración autonómica. Este proceso de reformulación, infórmase, terá importantes vantaxes económicas e técnicas no que se refire ás solucións de telecomunicacións fornecidas. Amais disto, conta a Xunta, poranse en marcha melloras para garantir o funcionamento de estruturas de telecomunicacións de gran envergadura, como por exemplo no Centro de Procesamento de Datos Integral do Gaiás. Co fin de recadar máis información sobre en qué consisten estas melloras, Código Cero falou con Adrián Lence, subdirector xeral de Infraestruturas e de Telecomunicacións da Xunta de Galicia. A nosa idea era saber a ciencia certa en qué imos saír gañando con todo isto, tanto a propia Administración como nós mesmos os cidadáns de a pé.

-Recentemente a Xunta anunciou a posta en marcha dun plan para mellorar a súa Rede Corporativa renovando e renegociando os seus contratos con R e Telefónica. En que vai consistir basicamente esta mellora? Máis capacidade para o fluxo de datos e das comunicacións coa que darlle pulo á Administración Electrónica? É certo que unha das iniciativas fundamentais ten que ver coa Cidade da Cultura?

-Si, unha das principais melloras que asumen R e Telefónica, sobre todo R, é o traslado das comunicacións ao monte Gaiás de Santiago. E digo "sobre todo R" porque a firma galega ten catro lotes dos cinco relativos a estes servizos, e Telefónica un. Polo tanto, a complexidade do traballo da empresa galega é maior. De tódolos xeitos, hai que ter en conta unha cousa: non se trata só dun simple traslado. Cómpre lembrar que no Gaiás vai estar emprazado o Centro de Procesamento de Datos Integral, unha infraestrutura que require unha mellora importante das comunicacións da Cidade da Cultura, en boa parte pola propia criticidade do Centro. Estamos a falar dunha infraestrutura que vai unificar e integrar unha importante porcentaxe dos 80 centros de procesamento de datos que están distribuídos pola nosa terra, 37 dos cales están en Santiago. Pasamos así dunha diversidade heteroxénea a un centro homoxéneo, situado no complexo cultural, que vai requirir unha fonda renovación das comunicacións. Ao trasladar os CPDs ao Gaiás pretendemos incrementar a infraestrutura das liñas cos centros administrativos que antes tiñan estes equipos e estes servizos no mesmo local. Polo tanto, o proceso de traslado precisará mellor equipamento baseado en fibra óptica.

-En qué vai afectar a renegociación dos contratos TICs coas operadoras á Educación e á Xustiza?

-Para comezar, integraranse 125 centros educativos na Rede Corporativa da Xunta, abaratándose custos e posibilitando accesos, como a intranet ou diferentes aplicacións corporativas da Xunta. Ademáis en 50 centros de ensinanza aplicaranse, a maiores, liñas de respaldo 3G, que achegan un servizo adecuado no caso de que falle a liña principal.. No ámbito da Xustiza tamén hai unha serie de melloras importantes. Tódolos centros que non teñen liña de back-up (liñas redundantes que achegan a posibilidade de que todo siga a funcionar en caso de incidencia), un total de 21 xulgados, van tela a partir de agora. Esta opción de contar con liña de apoio non foi posible até este intre porque as operadoras non tiñan a capacidade tecnolóxica para solucionalo, pero agora farase un investimento importante para acadala, e así se estipula no acordo de renovación.

-Máis cousas. A reformulación do servizo TIC ten aínda máis alcance?

-Si que o ten. Por citar algunhas das vantaxes postas en xogo, dicir que conseguimos que os 15 xulgados non integrados na Rede Corporativa estean a partir de agora ao seu abeiro, cousa que implica un investimento substancial, pero que será asumido pola operadora. A Rede CeMIT, o tecido de aulas de formación tecnolóxica, tamén se vai ver beneficiada, entre outras cousas coa integración de todas elas á Rede Corporativa. Hai que ter en conta que até este intre moitas das aulas contaban aínda con liñas ailladas, asumidas nestes casos polos concellos ou outras entidades, cousa que lle impedía á Xunta pór en marcha formación sobre aplicacións corporativas. Todos estes traballos van requirir, como é lóxico, investimentos importantes, pero quero facer fincapé en que serán de custe cero para a Xunta. A isto hai que engadir as rebaixas que os operadores van aplicar nalgunhas das liñas, sobre todo nas de alta velocidade e nas de satélite, rebaixas que oscilarán entre o 15 e o 25%, e que suporán un importante aforro para as contas públicas. Polo que se refire aos descontos en telefonía móbil, fixáronse moi bos descontos no ámbito dos datos. Por exemplo nas tarxetas 3G, que antes viñan en bonos de 2 xigabytes agora serán de 5, e en bonos de 10 que agora serán de 15 (sen custe a maiores e con aforros do 14%). Tamén se van ampliar as vantaxes para a itinerancia, cousa útil no estranxeiro, onde contaremos con bonos específicos para datos. No caso concreto das Blackberrys, moi usadas por altos cargos, acadouse unha tarifa plana a tódolos niveis. Deste xeito, tódolos accesos á Rede que se fagan dende estes trebellos, sexa dende o lugar que sexa, terán custo fixo sen recargo adicional. No caso dos terminais que non sexan Blackberry tamén haberá importantes reducións.

-E que ocorre cos accesos á banda larga da Administración?

-Si, aí tamén hai melloras. A día de hoxe temos 586 accesos ou liñas de cable de banda larga que o operador vai ampliar a 15 megas de baixada e 1,5 de subida, sendo antes de 12 e 1, respectivamente. Todo sen custe, tamén.

A achega tecnolóxica do futuro

-Inclúese algunha medida ou iniciativa para cubrir as vindeiras ampliacións e servizos de mantemento?

-Si, neste senso R e Telefónica van pór en marcha unha bolsa tecnolóxica de un millón de euros, contía que será destinada a labores de mantemento e de crecemento das ditas infraestruturas e servizos.

-Cal foi a clave para conseguir todo isto?

-O diálogo e a boa disposición das dúas empresas. Nós expuxémoslles nun principio a situación complicada pola que está pasando a nosa terra e o Estado español por enteiro, unha situación económica delicada que obriga á contención do gasto e que non permite moita marxe de manobra, afianzándonos todo isto no vieiro da renegociación, atopando unha boa resposta por parte de R e Telefónica. Creo que logo de todo este traballo chegamos a unha situación vantaxosa de aforro e de eficacia.

"R e Telefónica van pór en marcha unha bolsa tecnolóxica dun millón de euros"

-O investimento para estas melloras será de máis de 3,5 millóns para o caso de R e de case un millón de euros para o de Telefónica. Isto significa que a Xunta de Galicia non se verá obrigada a contribuír con financiamento extra?

-A Xunta renova nas mesmas condicións que no concurso anterior, pagarase igual pero con optimizacións importantes que van vir da man dese investimento unido a unha rebaixa nas tarifas e en todo tipo de servizos. A renegociación levou moito tempo, pero creo que nos deixou a todos moi satisfeitos.

-Estas medidas, teñen relación directa co plan para fomentar as boas prácticas no que se refire á contratación de servizos TIC para as nosas administracións que se presentou hai uns meses? Por certo que esta estratexia colleu corpo, e está á vista de calquera, na Guía de Boas Prácticas nos procedementos de contratación das tecnoloxías da información e as comunicacións desenvolvida pola Secretaría Xeral de Modernización.

-Non teñen relación directa, pero si que forman parte da mesma estratexia común. Até agora non existían criterios fixos no que se refire a contratación TIC, e consideramos que había que marcar unha serie de pautas nestes ámbitos, materializadas nesta Guía. A nosa idea era a de establecer unha serie de pasos a seguir co obxectivo de lograr que os responsables TIC da Administración galega foran quen de levar a cabo tódolos procesos da forma máis axeitada e unificada.

-Polo que se nos ten avanzado o seu departamento, semella que unha boa cantidade dos esforzos destinados a mellorar os servizos TIC de R e Telefónica dirixiranse a reforzar o Centro de Proceso de Datos Integral. Fálase moito deste Centro, emprazado no monte Gaiás de Santiago, e das vantaxes que vai pór en xogo. Por qué é tan importante para o Goberno galego e para a súa arela de reforzar a Administración Electrónica?

-A aposta do Goberno galego dende 2009 é unha aposta integradora e de pulo ás TIC. Créase por vez primeira unha visión única das novas tecnoloxías. Esta foi a orixe da estratexia. A raíz disto, comezouse a traballar coa Axenda Dixital 2014.gal e ao abeiro deste plan e logo dunha fonda análise colectiva cos departamentos TIC, viuse de xeito claro a necesidade de afianzármonos aínda máis na integración. Isto vai pasar pola posta en marcha dunha axencia que aglutine os servizos e tamén polo desenvolvemento dunha infraestrutura unificadora que mellore os servizos e as comunicacións, a seguridade e o investimento en novas ferramentas dixitais. En consecuencia, xorde o proxecto para a posta en marcha do Centro de Procesamento de Datos Integral, o CPDI, na Cidade da Cultura…

-Por qué na Cidade da Cultura?

-Primeiro porque entendemos que as novas tecnoloxías son un proxecto cultural de gran importancia e segundo porque deste xeito tírase o máximo proveito da infraestrutura do propio complexo do Gaiás. A nosa aposta foi unha aposta pola homexeneidade e polo sustentábel. O CPDI permite ter economías de escala e unha maior redundancia, seguridade, dispoñibilidade e escalabilidade. Cómpre lembrar que a escalabilidade é a capacidade de medre dun centro destas características, cousa que até o de agora non existía no 90% dos centros. A maiores de todo isto, estamos a apuntar con paso firme cara ao ecolóxico e o económico, dúas cousas que por desgraza non van sempre xuntas pero que neste caso si, polo que mellor imposible.

-Nun eido máis concreto, en qué van consistir as actuacións desenvolvidas no CPDI ao abeiro desta renegociación do contrato cos operadores? Que papel xogará o operador R e que rol desenvolverá Telefónica?

-A R tocaralle toda a parte da Rede de datos e fixa, e a Telefónica a parte da telefonía móbil. Os dous eidos de traballo teñen a súa complexidade, pero se cadra o traslado da infraestrutura de R será a mais complexa.

Centro Demostrador TIC: o escaparate tecnolóxico galego

O Centro Demostrador TIC de Galicia, inaugurado a finais de xuño sobre o alicerce do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia de Santiago, o CNTG, será un apoio de primeira liña para a creación dunha imaxe propia de marca con potencial para contribuír ao espallamento das nosas empresas do sector tecnolóxico-dixital alén do noso ámbito xeográfico. Será, tamén unha iniciativa para unir a demanda empresarial á oferta tecnolóxica.

Así o fixo saber perante os medios o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, quen enumerou algunhas das principais características deste espazo para a promoción dos nosos produtos e para a colaboración entre empresas, un espazo que xa conta con 52 firmas e un instituto tecnolóxico, todas elas dispostas xa a amosar polo miúdo 200 produtos e 27 servizos TIC, abranguendo vantaxes e beneficios para tódolos sectores.

Por certo que o presidente da Xunta, que acudiu á apertura do Centro xunto con Beatriz Mato e Mar Pereira, aproveitou a ocasión para falar dun vindeiro convenio de colaboración de importancia estratéxica para a nosa terra: o que formalizará en breve o Goberno galego co Cluster TIC para definir de xeito conxunto "o modelo de financiamento que máis partido saque do potencial que ten este sector na comunidade autónoma". A previsión, engadiu, é que esta nova estratexia de financiamento estea operativa en 2012, "respondendo de xeito máis eficaz ás necesidades que ten e terá o sector".

Polo que respecta á intervención de Beatriz Mato, máxima responsable da Consellería de Traballo (da que depende o CNTG), dicir que fixo fincapé no carácter do Centro Demostrador como iniciativa oportuna, "complemento perfecto para as actividades formativas e técnicas, dirixidas aos profesionais do sector TIC galego, que xa se veñen desenvolvendo no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia", dixo. A experiencia, dixo, non lle fai faltar ao Centro Demostrador, e máis se temos en conta que o CNTG, a súa sede, deu acubillo no curso 2010/2011 a máis de 50 actividades de formación, "sen incluír xornadas e seminarios técnicos", nos que participaron 775 profesionais do sector.

No que se refire á participación de Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización, na apertura oficial deste espazo de investigación e promoción informática, dicir que quixo salientar o gran potencial do CDT para facilitarlles ás empresas do sector "os medios para achegar a súa oferta de produtos ás empresas doutros eidos produtivos, converténdose nun punto de encontro entre a oferta TIC e a demanda tecnolóxica do tecido empresarial galego".

E engadiu, facendo referencia á natureza expansiva das TIC cara outros ámbitos produtivos, mellorándoos: "As empresas TIC poderán desenvolver coa axuda deste Centro solucións innovadoras adaptadas ás necesidades de mercado de empresas doutras áreas como a automoción, a construción o naval, a enerxía ou o téxtil".

Máis servizos

O Centro Demostrador porá a disposición das empresas interesadas o Mapa de Solucións Tecnolóxicas de Galicia MapaTIC.gal, un directorio en liña cos provedores, produtos e servizos TIC existentes na Comunidade. Asemade, para axudar ao aliñamento da oferta de produtos e servizos TIC e a demanda tecnolóxica doutros sectores empresariais, o Centro organizará xornadas e demostracións de produtos TIC aos sectores produtivos.

A orixe e o orzamento

O Centro, lembrou Mar Pereira, ten a súa raizame nun acordo de colaboración entre a Xunta e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través de Red.es, contando cun investimento máximo conxunto de 2.720.875,71 euros ata decembro de 2013, dos que máis de 2 millóns foron achegados pola devandita entidade público-empresarial, grazas á contribución do Programa Operativo de I+D+i por e para o beneficio das Empresas, fondo tecnolóxico 2007-2013 de FEDER, e 600.000 euros pola Xunta.

As autoridades convidadas ao acto probando os dispositivos tecnolóxicos do Centro.

Visibilidade para o noso software libre

O Centro Demostrador TIC será un espazo destinado á promoción dos nosos programas e, tamén, a dar visibilidade "aos produtos do sector do software libre en Galicia, que xa factura preto de 20 millóns de euros ao ano". Así se expresou a asociación AGASOL, unha vella coñecida do CNTG (onde soe dar conta das moitas vantaxes das ferramentas abertas para as nosas empresas) que o pasado luns 27 volveu tomar a palabra para recordarnos algo que nos convén: o software libre é máis barato, máis adaptable ás nosas necesidades, contribúe a unha meirande estandarización e usabilidade informática e, tamén, pode xerar máis riqueza no subsector do deseño e desenvolvemento informático.

Co fin de subliñar todos estes argumentos e darlles corpo, AGASOL complementou a inauguración oficial do Centro Demostrador, precisamente, cunha demostración. Nela, fíxose fincapé na utilidade de varias aplicacións desenvolvidas sobre software libre, "e por iso exentas do pago de licenzas", cousa a ter en moi en conta nestes tempos en que non sempre se pode obter, nun único paso, aforro e competitividade dunha soa tacada.

Á cita tamén acudiron profesionais e empresarios dos máis variados sectores, que puideron dar conta dos beneficios de programas como por exemplo OpenBravo, un sistema de información xerencial mediante o que se pode manexar toda a información que xera unha empresa. Tamén se fixo fincapé no Open Pos, unha ferramenta feita para xestionar puntos de venda e que serviu de pretexto para unha interesante demostración, unha toma de contacto na que quedaron claras as moitas posibilidades que lles ofrece aos negocios hostaleiros de calquera índole, entre outros moitos.

Trebello facultativo

Presentado na Coruña un móbil pensado para os maiores

Marcus Fernández

Vodafone España e Emporia presentaron a finais do pasado mes de xuño en A Coruña o terminal móbil Emporia RL1 (www.emporia.at), que comercializa en exclusiva Vodafone e que dá resposta a aqueles que demandan móbiles para comunicarse de xeito claro con familiares e amigos. Na presentación participaron o psicólogo Bernabé Tierno, que destacou os beneficios da comunicación para ter unha vida leda, e María Dolores Novo, da Unión Democrática de Pensionistas, que se centrou na necesidade de que existan tecnoloxías accesibles que eviten o illamento de colectivos como o de persoas maiores.

O novo Emporia RL1 é un terminal de pequenas dimensións (107 x 50 x 12 milímetros), peso lixeiro (92 gramos) e atractivo deseño, doado de empregar. Estamos pois ante un terminal de uso sinxelo, compatible con audiófonos, que posúe teclas extra grandes con puntos de presión claramente recoñecibles e unha ampla pantalla OLED de alto contraste para facilitar a lectura. Integra a funcionalidade de lanterna LED e a súa base de carga destaca por contar cun botón que permite activar directamente o mans libres do móbil, facilitando o uso do terminal no fogar sen ocupar as nosas mans.

O Emporia RL1 está dispoñible en tendas e na Tenda Online de Vodafone dende 0 € para altas novas e clientes que fagan unha portabilidade (cambio de operador mantendo o número) con permanencia de 18 meses e consumo mínimo de 8 € ao mes.

José Manuel Azorín, responsable da Unidade de Produtos Sociais de Vodafone España, destacou que «en Vodafone traballamos cada día para ofrecer dispositivos móbiles e servizos que faciliten a comunicación de todas as persoas e lle acheguen beneficios. O principal obxectivo é dar resposta ás necesidades das persoas dependentes, empregando os últimos avances en tecnoloxía e telecomunicacións e total cobertura en servizos asistenciais, para dar apoio dentro e fóra do fogar á persoa que o precise».

Como grande novidade o novo móbil inlúe un servizo de asistencia e asesoramento de balde que subministra a empresa Asmedit e que permitirá que os propietarios do teléfono Emporia RL1 poidan resolver as súas dúbidas de carácter sociosanitario (interpretación de análises clínicas, posoloxía de medicación...), xurídico (dereitos da Seguridade Social, pensións, divorcios, viuvez...), psicolóxico (relacións afectivas, nenez...), nutricional (axudas equilibradas e hábitos alimenticios, axudas asociadas a patoloxías específicas), sociais (dúbidas sobre axudas á familia, de orfandade...), informáticas (utilidades do software ou hardware) e contarán cun servizo permanente de axuda no uso do teléfono móbil as 24 horas do día todos os días do ano.

▲ O Emporia RL1 destaca polo grande tamaño dos seus botóns e do texto na súa pantalla, así como de elevados niveis de volume nos seus auricular e timbres

▲ José Manuel Azorín destacou as bondades do servizo de tele-asistencia asociado ao Emporia RL1

Que sería da R

Ofrecemos o primeiro dos nosos menús de verá

menus.es supera a liña dos 7.000 establecementos rexistrados

Os responsábeis do servizo de raizame galega menus.es están a facer un chamamento aos membros da comunidade en liña galega e estatal para que proben a tirarlle partido á devandita web, especialmente axeitada, sinalan, para atopar os establecementos hostaleiros que mellor se adapten aos seus gustos e aos seus intereses. A gran vantaxe do servizo, engaden, radica na xeolocalización e na facilidade de uso. A maiores, na súa base de datos non para de medrar. Se en febreiro falamos duns 6.000 locais atopándolle beneficio, a cifra xa hai semanas que foi alén dos 7.000.

Por medio de todo o devandito, faise moito máis doada a procura de menús e cupóns desconto de restaurantes de toda España, complementando esta opción con datos actualizados, publicados polos propios restaurantes, dos pratos e os prezos dos menús.

"Por medio da xeolocalización", sinalan os empresarios galegos responsábeis da web, "os milleiros de usuarios diarios de menus.es poden atopar un establecemento indicando o lugar no que se atopan e obter toda a información achegada por cada restaurante, dende a súa localización exacta até consellos para chegar alí, o menú que se ofrece e máis o seu prezo".

Asemade, tamén se poden facer procuras por un prato determinado e coñecer as especialidades de cada establecemento. Así nolo explican os cinco socios impulsores do servizo, creado ao abeiro do Viveiro de Empresas da Fundación CEL de Lugo: "Por exemplo, se o que queremos é comer polbo á brasa, poderemos atopar o restaurante máis próximo que inclúa esta especialidade na súa oferta, ou que a teña recomendado na sección suxestións".

A solución é manexábel dende a propia Internet ou ben a través dunha aplicación móbil para smartphone, que se descarga, precisamente, da páxina principal. Segundo explican os responsables da iniciativa, tanto nun caso coma noutro o máximo obxectivo é facer algo doado e útil: "Trátase dunha aplicación moi intuitiva e fácil de empregar que nos vai permitir acceder dende calquera sitio á información dos establecementos que estean rexistrados no servizo".

Software galego para detectar títulos falsos

Quen máis quen menos, en consultas, despachos ou oficinas, preguntouse algunha vez sobre até onde chega a fiabilidade dos títulos que se saen do concibíbel, é dicir, das acreditacións profesionais que chegan do chan ao teito, e máis alá, e que adobían as paredes dalgunhas persoas. Sen a arela de ofender a ninguén, o certo é que se sabe que a falsificación de títulos segue a ser unha práctica habitual, e se cadra máis nestes tempos, en que segue a haber quen nos mide polo número de certificados que atesouramos. Con todo, a máis falsificación, máis remedios para localizala. Cómpre esquecerse da lupa, da investigación nos rexistros ou do clásico interrogatorio. Xa temos a tecnoloxía, e dáse a casualidade de que é galega.

Así nolo conta a Universidade de Vigo, escenario do que xurdiu a spin-off BitOceans, responsábel á súa vez do software Fividoc, unha ferramenta especialmente axeitada para detectar a falsificación de títulos pero achegando, a maiores, unha ampla proxección. O programa, froito do traballo de investigación do dito proxecto empresarial da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, vai ser empregado a fondo por Universia e máis pola Confederación de Reitores de Universidades de España, que segundo conta a institución educativa galega servirá para pór ao alcance das universidades a debida seguridade nos expedientes universitarios, de xeito que se poida verificar cun escaneo do documento se o contido foi manipulado.

Este software, que xa foi usado por outros sectores e que obtivo recoñecementos como o Fujitsu It Future 2011 como mellor aplicación de computación na nube do ano, foi dado presentado este mes no Universitary forum Summit celebrado en Valencia.

A xuízo do reitor da Universidade, Salustiano Mato, "esta é unha mostra máis do bo facer dos investigadores da institución e do seu potencial de I+D+i".

O potencial de Fividoc é amplo no terreo académico. Para que non o saiba, e segundo fai saber a institución educativa viguesa, arestora está en activo un amplo tecido de venda de títulos falsos, estratexia fraudulenta que, a xuízo dos responsables de Fividoc, atoparán nesta ferramenta "unha dura oposición". E máis tendo en conta que conta co aval da Confederación de Reitores, das propias universidades españolas e de terceiras entidades públicas e privadas.

Fividoc constitúe unha tecnoloxía horizontal que complementa o servizo de sinatura electrónica e que se pode usar en calquera sector empresarial que requira seguridade documental. Ofrece servizos, por exemplo, para administración públicas, educación, banca, sanidade, notaría, etc. "Entre os clientes cos que conta atópase o Ministerio de Presidencia e varios concellos de Galicia como o de Lugo ou o de Pontevedra, así como a Deputación de Ourense", infórmase.

Vermis, finalista do certame de Fujitsu para deseñar o computador do futuro

Seguimos a falar de innovación galega e de deberes ben feitos arredor dela (estes días que vimos de deixar atrás foron especialmente pródigos nisto: no de poñernos na vangarda e obter recoñecementos diversos). Desta volta ollamos cara a Narón e cara a Santiago de Compostela, de onde son naturais os deseñadores galegos Enrique e Marcos Saavedra, respectivamente. Segundo no contan, unha parte do seu traballo xira arredor de darlle forma e visualizar, do xeito máis pormenorizado posible, a informática do día de mañá. Precisamente, esta experiencia concreta vén de servirlles para proclamarse como finalistas do concurso internacional da firma Fujitsu para deseñar o computador do futuro.

O xermolo disto estivo nunha proposta enviada de xeito conxunto por Marcos e Enrique para o certame da multinacional, proposta que foi vista con moi bos ollos polo xurado do mesmo, e tanto foi así que logo das roldas previas pasaron a estar ombro co ombro cos máis salientábeis creadores do panorama internacional.

O proxecto de Marcos e Enrique chámase Vermis (www.vermisproject.com) e emprázanos no mundo dixital do ano 2020.

ede sen nós?

n en materia de innovación tecnolóxico-dixital galega

O certame, organizado polo prestixioso portal de deseño Designboom, veu este ano con dúas categorías: Lifebook (o ordenador do ano 2013) e Life-Design (o 2020). Foi precisamente na última categoría onde quedou finalista a proposta galega, mestres que o primeiro premio foi para Integralcord. "Dos dous", contan os nosos deseñadores, "cómpre salientar a súas semellanzas conceptuais, formais e tecnolóxicas, achegando en ámbolos dous casos un amplo grao de innovación".

Volvendo ao proxecto Vermis, dicir que nos sitúa no ano 2020, nun mundo onde as conexións sen fíos e os accesos a Internet están plenamente afianzados e os ordenadores persoais teñen ligazón remota con servidores moi potentes. Asemade, a nanotecnoloxía avanzou a pasos de xigante. Vermis, contan Marcos e Enrique, desenvólvese a partir dunha cápsula de indetificación persoal que está conectada a un material intelixente, que pode mudar de forma dependendo do software. O devandito material sería de baixo custo e podería fabricarse en grandes cantidades, "conseguindo así que os ordenadores sexan accesibles para todo o mundo".

Todosvecinos.com, nova ferramenta social made in Galicia

Sen dúbida, unha maneira moi eficaz de levar a cabo unha reunión cos veciños da comunidade podería ser cando o carteiro, o que mira os contadores da luz, ou os comerciais dalgunha operadora de telefonía, chama ao timbre de todos á vez para ver se ten sorte e algún veciño lle abre a porta; nese momento, algúns porteiros automáticos convértense nunha ferramenta de comunicación de última xeración, que nos conecta nun mesmo punto do edificio: a porta que dá á rúa, onde se escoitan todo tipo de voces que preguntan a unísono: -"Quen?".

Porén, ese sistema (malia que a todos nos pasou algunha vez pola cabeza aproveitar para usalo como ferramenta de reunión) non é infalíbel e moito menos práctico, xa que aínda hai de quen o pensa dúas veces antes de erguerse da cadeira e atender á porta.

Precisamente co obxectivo de facer posible que as comunidades de veciños estean sempre conectadas dunha maneira certeira, varias entidades galegas veñen de colaborar no desenvolvemento de Todosvecinos.com, unha ferramenta social para poñer en comunicación aos veciños e veciñas usuarias.

Trátase dunha web, totalmente de balde, que permite que tódolos usuarios de Internet que vivan en edificios comúns ou formen parte de comunidades veciñais, poidan levar a cabo unha "comunicación efectiva e real", para saber, segundo afirman os seus creadores, "o que ocorre na súa comunidade de veciños".

Entre outras cousas, o sitio permite que os seus usuarios poidan falar das cousas que realmente preocupan no seu edificio ou comunidade de veciños, e decidir o que facer da maneira máis democrática posible.

Desta maneira, poden ter en tempo real todo tipo de información relacionada coa xestión da avarías, ou novas instalacións, sen ter que estar a agardar á vindeira reunión de escaleira.

Para rexistrarse, as persoas interesadas só deben teclear a dirección da súa comunidade no buscador, e cando esta apareza, dala de alta para comezar a aproveitar as vantaxes da ferramenta; vantaxes que se poden intuír, e que van dende compartir comunicados e todo tipo de documentación sobre reunións e incidencias, ata asistir a reunións virtuais sen necesidade de saír da casa nin erguerse do sofá.

Loxicamente, tamén permite escribir notas no muro ou enviar mensaxes privadas, co que é posible que tamén lle sexa útil a algunha persoa interesada en ligar coa veciña ou o veciño de enfronte sen ter que ir continuamente a pedirlle sal (cousa pouco habitual dende que existen as redes sociais por certo).

Esta ferramenta social é novo proxecto da empresa galega Brainstorming Bussines, SL coa colaboración de Javier Varela de toctocmedia e Wireless Galicia.

Tecnoloxía galega en Finlandia para crear a cidade do futuro

Unha boa parte da vangarda tecnolóxica internacional, sobre todo a dedicada a impulsar espazos urbanos cara ao futuro (estendendo as vantaxes do fogar dixital cara ao escenario íntegro da cidade), mantén estes días a súa atención no que acontece na cidade finesa de Oulu. O motivo é a primeira edición do Open Ubiquitous City Challenge, UBI Challenge para entendérmonos, un certame que consiste en convidar a toda a comunidade científica mundial para que cada membro saque o visionario que leva dentro e concorra achegando a súa proposta particular para apuntalar e asegurar unha cidade do coñecemento ideal, non virtual senón real como a vida mesma. Como dixemos recentemente en Código Cero, o concurso que convoca a Universidade de Oulu ten unha achega galega. Trátase de RunWithUs e vén da man da Universidade de Vigo e o Centro Gradiant.

Unha xanela a Oulu

Neste intre, compite con outras tres (procedentes de Grecia, Suíza e Alemaña) ao tempo que se leva á práctica polo miúdo na propia urbe finesa. O escenario de operacións é o mellor dos posíbeis: unha cidade, a de Oulu, que é en si mesma e grazas á súa participación no programa UBI un obradoiro de investigación rebordante de tecnoloxía innovadora. De feito, son os propios cidadáns-usuarios os que contribuirán a elixir a proposta que pasa á seguinte fase. Os servizos finalistas, por certo, están xa dispoñíbeis de xeito gratuíto nos paneis da cidade dende o vindeiro 7 de xullo. Os cidadáns de Oulu poderán probar estas tecnoloxías até o vindeiro outono, que é cando se decidirá o gañador. Este traballo avaliador compleméntase coa formalización dun xurado composto por especialistas internacionais, que se dedicou sobre todo a elixir as aplicacións en proba logo dun pormenorizado exame das propostas achegadas dende tódolos recantos do mundo. A partir de agora, os protagonistas son os cidadáns de a pé.

Equipamento ún

O Centro de Proceso de Datos Integral do monte Gaiás porase en marcha a finais de ano

A Xunta porá en marcha a finais deste ano 2011 o seu Centro de Proceso de Datos Integral, unha infraestrutura tecnolóxica emprazada na Cidade de Cultura e dirixida a dar acubillo único ao equipamento que xestiona os datos e os servizos TIC da nosa Administración. A nova sobre a posta en funcionamento do CPDI e sobre os seus obxectivos e vantaxes foi dada a coñecer por Adrián Lence, subdirector xeral de Infraestruturas de Telecomunicacións, no marco da xuntanza internacional de DatacenterDynamics que se celebrou os días pasados en Madrid. Por certo que Lence acudiu á xuntanza xunto con expertos mundiais en novos centros de procesamento da información (avaliando polo miúdo os retos deste centros en materia de deseño, construción, operación e optimización).

Sinalar que o CPDI da xunta converteuse en realidade o pasado ano, cando a Xunta decidiu pór en marcha un espazo tecnolóxico para "mellorar a competitividade, reducir custos, acadar unha maior eficacia enerxética e flexibilidade, interoperabilidade e seguridade, así como unha simplificación da xestión e unha homoxeneización da estratexia tecnolóxica da Xunta", informa o Goberno galego. Un dos grandes obxectivos concretos do Centro pasa por acadar un aforro de 3 millóns de euros anuais unha vez que estean integrados tódolos servizos autonómicos no novo CPD.

Segundo engaden fontes da Xunta, o Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI), coordinará e albergará as funcións dos CPDs emprazados a día de hoxe na nosa xeografía, dos que a gran maioría "carece de capacidade de crecemento para afrontar a demanda de proxectos TIC precisos para mellorar a eficiencia da Administración galega". Amais desta flexibilidade capacidade de adaptación que se tenta pór en xogo, tamén se pretende traballar a prol da Administración Electrónica galega e un dos seus grandes obxectivos: converterse nun servizo público dispoñíbel as 24 horas.

Polo que atinxe ao volume de cidadáns e unidades administrativas ás que dará operatividade, dicir que o obxectivo é beneficiar a toda a sociedade galega por enteiro, a máis de 1.260 centros administrativos; 1.400 centros educativos; 600 centros sanitarios; 322 entidades xudiciais e 1.500 oficinas de farmacia así como a 91.000 empregados públicos, entidades e organismos autónomos dependentes da Xunta e incluso a outras entidades públicas como deputacións, concellos ou universidades.

O novo CPDI galego, como dixemos, estará emprazado no monte Gaiás, en Santiago, no Edificio de Servizos Centrais da Cidade da Cultura. Tendo en conta a natureza do seu alcance, está previsto un amplo número de departamentos encamiñados a optimizar ao máximo ao seu rendemento. De feito, haberá áreas de operadores, de reparación e montaxe, equipamento de copias de respaldo, sala de comunicacións para dar servizo a servidores, sala para os operadores de telecomunicacións, sala de servidores e área técni-

nico

ca. Segundo informa a Xunta, a previsión é rematar a fase de acondicionamento da nova plataforma tecnolóxica no vindeiro mes de decembro, dando por rematada a integración dos centros de datos até o de agora espallados no único CPDI ao longo de 2012.

Axenda Dixital de Galicia

A posta en marcha do CPDI intégrase en dúas das liñas contempladas en 2014.gal Axenda Dixital de Galicia que son a prestación de novos e mellores servizos públicos dixitais e a consecución dunha Administración eficiente. A Xunta de Galicia carecía dunha estratexia global en materia de xestión das tecnoloxías da información e a comunicación que impediu unha aplicación efectiva das TIC para a modernización das administracións públicas.

Vontade integradora e optimizadora

O Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) da Xunta é un dos grandes obxectivos da Axenda Dixital 2014.gal, o programa que lidera a Secretaría Xeral de Modernización para reducir a fenda dixital na nosa terra dotando de accesos de banda larga a zonas da nosa xeografía que até o de agora non tiñan oferta axeitada ou tan sequera cobertura. A Axenda, amais do devandito diríxese a acadar meirande uso, alcance, desenvolvemento e rendibilidade da Administración Electrónica na nosa terra, e é aí precisamente onde entra en xogo o devandito Centro de Proceso de Datos. De feito, e segundo nos conta a Xunta, unha das súas funcións principais será a de centralizar os máis de 80 centros de tratamento e xestión da información que existen a día de hoxe ao longo do noso país, achegando un punto único de integración e establecemento no complexo do Gaiás en Santiago, máis polo miúdo no Edificio de Servizos Centrais da Cidade da Cultura.

A día de hoxe, e para facérmonos unha idea da complexidade do proxecto, cada un dos organismos da Xunta dispón de un ou varios centros de procesos de datos (CPDs), que polo normal non contan cunhas instalacións que garantan ao cen por cen que o servizo estea dispoñíbel. "A maioría", explícasenos dende a Fundación Cidade Cultura e dende a Secretaría Xeral de Modernización, "non teñen capacidade de crecemento, carecen de políticas corporativas de calidade, seguridade e dispoñibilidade, o que non fai máis que redundar nunha dotación de infraestruturas heteroxénea e unha ineficacia no gasto en novas tecnoloxías da información".

Pódense distinguir dous tipos de CPDs: os CPDs principais das Consellerías e organismos autónomos, repartidos entre 37 CPDs emprazados en Santiago de Compostela ou na súa contorna, e os CPDs periféricos que dan servizo ás distintas dependencias da Xunta de Galicia no resto do territorio.

Segundo se nos informa dende o Goberno galego, o CPD Integral do Gaiás permitirá realizar accións de homoxeneización en canto á estratexia tecnolóxica, "adoptando criterios de economías de escala que permitan a redución de custos e a mellora dos servizos prestados, garantindo unha maior dispoñibilidade, escalabilidade e eficacia enerxética".

A idea pasa por crear unidade e centralización. De feito, coa posta en marcha do CPD Integral, a finalidade é que se nos forneza de servizos que até o de agora se achegaban a través dos restantes CPDs da Administración galega. "No caso dos CPDs principais das Consellerías e organismos autónomos, migraranse tódolos servizos, mentres que no caso dos CPDs periféricos moveranse aqueles servizos que se poidan executar de xeito remoto, xa que hai determinadas aplicacións que soamente poden funcionar en local", infórmase.

A maiores re sumindo, o Centro de Proceso de Datos Integral será "o corazón dixital de Galicia", contribuíndo a mellorar a competitividade, reducir custos, acadar unha mellor optimización enerxética, unha maior flexibilidade, interoperabilidade e seguridade "así como unha simplificación da xestión e unha homoxeneización da estratexia tecnolóxica da Xunta". Ademais, a consolidación dun CPDI único de infraestrutura TIC fará posible unha administración que funcione 24 horas ao día os 365 días do ano.

A posta en marcha do CPDI intégrase en dúas das liñas, que son a prestación de novos e mellores servizos públicos dixitais e a consecución dunha Administración eficaz.

Emprazamento exacto do Centro de Procesamento de Datos Integral no Gaiás

Obxectivo: 3 millóns de euros anuais menos

Logo da posta en marcha do CPDI, a previsión é acadar amplas cifras de aforro orzamentario

Logo de rematar as fases de desenvolvemento de meirande complexidade e da posta en marcha definitiva do CPDI do monte Gaiás, a previsión é a de acadar importantes cifras de aforro orzamentario, sobre todo no que atinxe as contías destinadas até o de agora ao mantemento dos diferentes centros espallados. Pois ben, prevese que co novo equipo se chegue a un aforro de máis de 500.000 euros na factura eléctrica, debido á redución á metade do custo enerxético por metro cadrado e dunha baixada do 27% no que atinxe ao gasto anual da factura dos CPD actuais. Asemade, a previsión é que se deixen de gastar até 2 millóns de euros anuais en cuestións de infraestruturas tecnolóxicas grazas a unha rebaixa do 30% nas necesidades de investimento en equipos tecnolóxicos e do 30% en mantemento. A maiores disto, tamén se tirará proveito da reestruturación dos escenarios en breve baleirados nos edificios administrativos da Xunta para procurar máis aforro, máis polo miúdo de 500.000 euros. En total, informa o Goberno galego, "reduciranse en 3 millóns cada ano o gasto nos conceptos devanditos".

A xestión dos recursos orzamentarios tamén se verá beneficiada por outras cuestións que van alén do tecnolóxico-dixital e nos sitúan no puramente enerxético, xa que tamén se calcula que se producirán aforros debido á homoxeneización das plataformas ato tempo que se mellorará a capacidade de medre das infraestruturas e a dispoñibilidade dos servizos ao "equipar ao CPDI con todos os elementos necesarios para manter o servizo como grupo electróxeno, sistemas de alimentación ininterrompida, acometidas eléctricas e de telecomunicacións redundantes, sistemas de refrixeración redundantes, extinción de incendios, etc", infórmase.

Servizo a cidadáns e entidades públicas

Segundo informan a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Secretaría Xeral de Modernización, o Centro de Proceso de Datos Integral dará servizo a preto de 2,8 millóns de cidadáns; máis de 1.260 centros administrativos; 1.400 centros educativos; 600 centros sanitarios; 322 entidades xudiciais e 1.500 oficinas de farmacia así como a 91.000 empregados públicos, entidades e organismos autónomos dependentes da Xunta e incluso a outras entidades públicas como deputacións, concellos ou universidades.

Instalacións

Emprazado no monte Gaiás, o novo CPDI ocupará un espazo no Edificio de Servizos Centrais da Cidade da Cultura. Habilitaranse as áreas de operadores, reparación e montaxe, equipamento de copias de respaldo, sala de comunicacións para dar servizo ós servidores, sala para os operadores de telecomunicacións, sala de servidores e área técnica. Está previsto rematar o acondicionamento da nova plataforma tecnolóxica en decembro deste ano e completar a integración dos centros de datos no CPDI ó longo de 2012.

Eficacia Enerxética

Tendo en conta os datos achegados pola Fundación Cidade da Cultura, o novo CPD, na súa máxima ocupación, suporá un aforro de mais de 500.000 euros anuais, producidos por:

- Meirande eficacia das instalacións proxectadas para o novo CPD.
- Cambio de tarifa de varios dos CPDs que están contratados en baixa tensión e pasarán a estar contratadas en media tensión.

O novo CPD, "grazas ó seu deseño máis eficaz, consumirá por metro cadrado menos do 50% que os CPDs existentes na Xunta de Galicia", engádese.

Arestora o PUE (Power Usage Efficiency) dos CPDs dos organismos dependentes da Xunta de Galicia oscilan entre 3,0 e 4,0 sendo o valor aceptable 2,5. O deseño do novo CPD ofrecerá un valor de PUE que oscilará entre 2,0 e 1,5, o que nos achegará un valor entre moi bo e excelente. Polo tanto, o PUE reducirase en máis dun 50%.

A tele que te busca

A galega Ledmon afianza en Pontevedra os piares da primeira canle de televisión exterior do Estado

Quen pasara estes días pola praza de Compostela de Pontevedra, a pouco que emprestase un chisco de atención ao seu contorno, tería localizado unha importante novidade de equipamento que responde, coma case ningunha das tecnoloxías que temos visto nos últimos tempos dende Código Cero, á filosofía de saírmonos ao paso. Estamos a falar, os lectores de Pontevedra xa o saberán, da pantalla instalada pola empresa galega Ledmon (www.ledmon.com), un dispositivo que emite contidos entre as 06.00 e as 00.00 horas e que pasar por ser a faciana visible dun proxecto piloto de envergadura: a posta en marcha da primeira canle de televisión exterior de España. Por certo que cando falamos de "exterior" falamos literalmente de "exterior".

Segundo nos contan dende Ledmon, para estes primeiros días da experiencia piloto, o dispositivo emitirá en continuo unha programación de algo máis de unha hora, que logo se irá ampliando co paso das xornadas, tanto en tempo como en contidos. Ou sexa, que se trata dunha iniciativa en constante desenvolvemento (mentres a albiscamos, impúlsase e afiánzase) e así nolo contan dende Ledmon, que está neste intre mantendo contactos con diversas institucións e provedores para que estas novidades inclúan os seus contidos e novidades na nova canle de televisión. O obxectivo é ampliar a grella da programación ao máximo e estender a iniciativa a outras cidades da nosa terra, probablemente e nun primeiro paso, a Vigo e a Santiago.

A televisión, de feito, está proxectada para ter conexión directa coa contorna urbana na que se insire: "A canle incluirá contidos informativos da cidade, programación cultural, información metereolóxica, deportiva, información de servizos así como contidos publicitarios das institucións e empresas que polo de agora xa se uniron ao proxecto", informan dende a empresa galega. Con todo, haberá quen se pregunte (aínda a estas alturas) en que se basean as diferenzas desta proposta con respecto a outras achegas audiovisuais recentes. Pois ben, a cousa comeza co propio emprazamento visíbel da canle: fóra, nas rúas e nas prazas. Un segundo elemento a ter en conta é que non estamos perante unha cadea publicitaria, un simple soporte tecnolóxico-audiovisual para a promoción comercial. A xuízo de Ledmon, trala experiencia en Pontevedra quedou claro que a calidade de imaxe e a calidade dos contidos serán os eixes básicos da estratexia. De feito, non se trata dunha manobra de publicidade, senón unha "canle de comunicación exterior que incide sobre todo na calidade, tanto da información como dos soportes".

Sobre a pantalla, dicir que se trata dun dispositivo de ampla superficie, seis metros cadrados, e que achega 138.413 leds ao tempo que procesa 4,4 trillóns de cores. A súa disposición permite un ángulo de visión en horizontal de 120º, e en vertical de 60. A visibilidade máxima é de 50 metros de distancia.

Os obxectivos de Ledmon son desenvolver a proposta, afianzala e ampliala. De feito, está proxectada a instalación dun novo trebello audiovisual en Pontevedra, abranguéndose, como dixemos, outras cidades galegas. "A nosa intención", comentan, "non é crear un circuíto publicitario senón equipar ás pantallas dun contido que lles permita ser un punto de información, ademais de soporte publicitario; en resumo, que queremos que se converta na primeira canle de televisión exterior de España".

Obxectivo: 100.000 voces profesionais

Vigiliam proponse como unha comunidade en liña para pequenas e medianas empresas e autónomos

A mediados de xuño presentouse en A Coruña a rede empresarial Vigiliam (vigiliam.com), concibida para ser utilizada por pequenas e medianas empresas e autónomos, para "contribuír a fortalecer a actividade comercial dos membros da rede, promovendo as sinerxías entre eles e ofrecéndolles un espazo exclusivo no que poden obter valor engadido para os seus negocios", segundo comentou o conselleiro delegado da compañía, César Canedo, que tamén sinalou que o proxecto Vigiliam (no que 17 profesionais levan a traballar máis dun ano) nace para favorecer as relacións entre empresas e para iso pon a disposición de todos os usuarios da rede novas ferramentas e aplicacións de diversa índole. A rede empresarial en liña, que leva operativa varias semanas en fase de proba, aspira a alcanzar os 100.000 usuarios antes de que finalice o ano.

Para Canedo, Vigiliam é un proxecto que aproveita as características das redes sociais e profesionais para conectar empresas e crear sinerxías entre elas. Trátase, pois, dunha rede empresarial, na que, ademais, os usuarios poden mostrar os seus produtos e servizos e coñecer o que ofrecen outros.

Ademais de favorecer as relacións comerciais entre usuarios, contribuír a que os membros da rede aumenten a súa carteira de clientes e optimicen a súa relación cos provedores, Vigiliam ofrece novas aplicacións e ferramentas concretas de natureza xurídica ou financeira, entre outras.

César Canedo presentou en A Coruña a plataforma profesional en liña Virgiliam

Trátase de aplicacións e ferramentas que permiten aos membros da rede acceder de forma gratuíta a diversos servizos especializados polos que, normalmente, hai que pagar. Así, unha empresa ou autónomo que acceda a estas ferramentas e aplicacións pode aforrar ata 10.000 euros ao cabo do ano.

Deste xeito, a rede empresarial pon a disposición dos seus usuarios ferramentas financeiras (test de acceso a financiamento, valoración de empresas, comparativo de empresas, mercado de créditos); ferramentas comerciais (basee de datos de obras, medicións, relación de empresas gacela, base de datos de empresas de nova creación, información de boletíns oficiais e información de concursos públicos); ferramentas xurídicas (modelos de contratos e formularios); ferramentas de formación (amplo catálogo de cursos en liña a distancia) e ferramentas de comunicación (servizo de envío de notas de prensa).

Entre as aplicacións máis destacadas que ofrece Vigiliam, destaca a de Sinergias que permite ás PEME e autónomos que utilicen a plataforma coñecer que usuarios integrados na propia rede son máis afíns para establecer relacións comerciais. Paralelamente, ofrécese un espazo en liña no que as empresas poden publicar anuncios en aberto e ofrecer e demandar produtos/servizos concretos. Trátase da sección Mercado. Xunto a isto, Vigiliam traballa no desenvolvemento dunha aplicación que permitirá o envío de promocións e campañas publicitarias especializadas aos seus usuarios e nun servizo de asesoría individualizada aos membros da rede en diferentes ámbitos de interese para as súas empresas (financeiro, comercial ou xurídico, entre outros).

Este proxecto ten carácter galego, pero vocación internacional, partindo dun investimento de 200.000 euros para a súa posta en marcha.

Musiqueoh!, música nosa para chegar (de verdade) ao público

A música galega estase a manifestar de múltiples e innovadoras maneiras na Sociedade da Información. A gran maioría xorde da vontade de facer algo realmente útil, non limitarse só a achegar información, senón (o que verdadeiramente máis complicado) a tratala, potenciala e subministrala cara a onde (á súa vez) vai ser máis útil. Nesta liña é na que se move Musiqueoh!, un agregador do que se moitos non escoitamos falar de abondo, e xa vai sendo hora de que as cousas muden. O seu xermolo está onde están as cousas de xeito: en conversas entre amigas/os, a maiores seareiras/os da música e, a maiores, devecendo por máis música galega na Rede. Da constatación destas eivas da Rede galega servindo de impulso á nosa creatividade xurdiu, precisamente, Musiqueoh!, proxecto que dende a súa orixe viuse obrigado a contar con poucos medios pero dende o que se quixo facer todo o posible para remediar esta carencia con maxín e boas ideas. Sobre todo para contribuír ao que diximos antes: chegar ao sitio exacto onde é preciso chegar.

Así nolo contan os responsables da plataforma en liña, os integrantes de Folerpa, ao tempo que nos falan das súas orixes: "Despois de varios debates pensouse que unha das grandes dificultades é que moitas boas iniciativas que se están a facer non chegan ao público, por diversos motivos, e que sería moi interesante concentrar a oferta informativa en galego sobre un tema (neste caso a música) nun lugar, ofrecendo unha visión global e actual desde o agregador, mais respectando moito aos creadores de contido e repartindo tráfico cara eles".

A partir de aí, contan, o equipo técnico comezou a procurar alternativas técnicas que deran acubillo á idea, e o responsable da temática clasificando as páxinas web sobre música en galego. Logo deste traballo, conseguiuse a primeira versión da páxina, o engadidor. Unha vez feito isto, pensouse en enriquecer a páxina con máis contidos "que lle deran un toque gráfico, como son as imaxes e os vídeos de YouTube, que achegan outra información e máis vistosidade; por último engadimos dúas funcionalidades extra que subministran utilidade: por unha banda un buscador especializado que procura nas páxinas en galego sobre música e pola outra a posibilidade de escoitar os programas de música, podcast, que se fan en galego directamente dende a páxina".

Polo que respecta á primeira das funcións extra, dicir que a súa vantaxe reside en que nos facilita a localización de todo tipo de datos sobre o noso panorama musical sexa onde sexa que se escribiron: "A función permite que se queremos saber que críticas se escribiron sobre Munich ou Nouvelle Cuisine, dous bos grupos galegos, non perdamos tempo con resultados que non nos interesan; a isto cómpre engadir que Google non nos permite buscar só en galego, nin filtra as páxinas de contido automático que mudan para peor a busca de contidos reais".

Polo que atinxe á outra función achegada, a posibilidade de escoitar podcasts, dicir que abrangue non só os programas que emite Radio Galega Música senón tamén os arquivos musicais que podemos atopar en plataformas como Podgalego.org. A este servizo hai que engadir un proxecto que está arestora en fase de desenvolvemento, VermeTV, unha canle de video clips para Musiqueoh! que achega unha ollada audiovisual ás bandas galegas seguindo un pouco o ronsel de MTV, emitindo por streaming.

En canto os contidos, a plataforma da que estamos a falar agrupa por categorías as fontes que existen na Rede sobre música. "En primeiro lugar", explican os responsables do agregador, "temos as páxinas de novas xerais, MeGa Música en Galicia, unha sección de Culturagalega.org, Komunikando e o blogue do Planeta Furancho; despois novas temáticas das webs Rock de Seu, Galiza Electrónica e Temazo.org (HipHop); logo unha ampla sección de fontes sobre música tradicional: Folque, e-trad, Malmequer e Gaiteiros Galegos". Asemade, Musiqueoh dispón de novas sobre concertos, listaxes de ligazóns directas e un espazo que agrupa as informacións que xeran as propias bandas nos seus cadernos persoais. A web conta tamén con netlabels onde se permite a descarga legal de música, un espazo para festivais e outro para discográficas. Asemade, dase acubillo a unha sección sobre as novas da música portuguesa e as novas que xeran os programas de radio e os podcast.

Respecto aos xeradores de contidos

Musiqueoh! funciona como engadidor, é dicir, que concentra as novas máis recentes sobre música en galego. "Ao ser un agregador tratamos de ser moi respectuosos coas webs que xeran o contido, e na nosa páxina so ofrecemos o titular da nova e un pequeno resumo (que se le ao pasar por riba co rato), polo que para ler a nova completa tes que ir á páxina que creou o contido", informan os promotores da páxina. Asemade, a páxina ten espazo para a publicidade, cousa que responde a unha arela de crear mercado publicitario en galego na Rede, "aínda que neste momento non aporta nin para cubrir custos", engaden.

"Gústanos pensar en Imaxdi como nun centro de investigación aplicada"

JAVIER ÁLVAREZ

Falamos co director de I+D+i da empresa viguesa Imaxdi

A empresa viguesa Imaxdi, especializada en novas tecnoloxías e servizos para mellorar a nosa calidade de vida nos eidos sociosanitario ou administrativo, apoia o seu traballo sobre dous piares ben definidos: o equipo humano e a innovación. Cómpre tomar nota desta fórmula, porque sen dúbida serán os ingredientes básicos de todas aquelas firmas que sexan quen de deixar atrás a crise, tanto no seu propio beneficio como axudando a quen veña detrás (abrindo camiños). Facer unha visita a Imaxdi é, en boa medida, como acceder a un centro de investigación aplicada, co diferenza de que estamos a falar dunha empresa, e polo tanto o seu obxectivo é o negocio. Con todo, a sensación de estar ante un laboratorio de innovación tecnolóxico-científica non esmorece así como así. E máis se temos en conta que unha das súas principais liñas de traballo é o ámbito sanitario, no que está a pór en xogo ferramentas como mCardio, Nacodeal ou Salud2020. De todo isto fálanos a continuación Javier Álvarez Osuna, director de I+D e socio fundador de Imaxdi.

▲ Javier Álvarez Osuna fixo un repaso polas innovacións da súa empresa en materia de eSanidade

-Fálase moito da eSaúde, máis que para incidir nas moitas vantaxes que lle atoparemos se nos animamos a usala, para facer fincapé nesas vantaxes para cando se nos obrigue a empregala. Dito doutro xeito: en breve teremos que axeitarnos todas e todos nos novos modelos asistenciais e sanitarios da eSaúde, queirámolo ou non. Vós en Imaxdi tendes experiencia neste eido: diferentes servizos desenvolvidos para facer máis doada e útil a interrelación entre institucións sanitarias e cidadáns. En que obxectivos se centra o voso traballo? Dende o punto de vista dos cidadáns, e para quitarlle ferro e respecto á eSaúde, en que lles beneficiarían ferramentas e servizos como os que estades a deseñar e habilitar?

-En Imaxdi levamos anos traballando no desenvolvemento de sistemas avanzados de saúde mediante a aplicación de tecnoloxías de sensorización, comunicación móbil, computación ubicua e tecnoloxías multimedia. O noso traballo céntrase en ir resolvendo necesidades asistenciais concretas que nos son achegadas polo comité de asesoramento médico co que traballamos. Destas necesidades asistenciais naceron os proxectos como mCardio, Nacodeal ou Salud2020 nos que estamos a traballar.

Os nosos traballos céntranse máis en dotar ao diferente persoal facultativo de ferramentas tecnolóxicas que lles permitan realiza-lo seu traballo dun xeito ubicuo moito máis rendíbel eficaz. Desta forma podemos axudar tanto aos propios pacientes como ao sistema sanitario. Para nos os sistemas sanitarios do futuro serán "Just-in-time" é dicir cando e onde o precises, xa que os médicos poderán acceder ao teu historial clínico electrónico dende calquera lugar e mesmo consultar ao paciente con independencia de onde estea.

-Diciades nun informe recente que o voso traballo baséase de xeito primordial na xente, no voso equipo humano. Até que punto é impor-

A solución tecnolóxica achegada por Imaxdi no eido da eSaúde: mCardio

tante isto para vós? Isto que aplicades ao voso seo interno, tamén é aplicable a aquelas empresas ou institucións coas que tendes contacto, colaborades ou vos aliades?

-Para unha empresa coma nosa, cunha importante implicación no I+D+i, é imprescindible contar con recursos cunha alta capacidade e formación. Os nosos procesos selectivos son bastante estritos porque intentamos sempre ter os mellores recursos posibles. Na nosa empresa o 100% dos empregos tecnolóxicos están cubertos por licenciados, enxeñeiros ou doutores. Ademais na empresa existe unha clara política de impulsa-la formación de excelencia dos nosos enxeñeiros e enxeñeiras, "obrigándoos" (en termos non imperativos) a que se doutoren nalgunha especialidade ou a que realicen cursos e masters en áreas de interese tanto para empresa como para eles mesmos.

De forma semellante, nas nosas colaboracións con outros centros ou empresas tamén somos moi esixentes. Na actualidade estamos a traballar cos mellores grupos de investigación das Universidades Galegas e con varios centros tecnolóxicos de primeiro nivel internacional – como Gradiant (entre outros).

-Que importancia se lle dá a Investigación e ao Desenvolvemento de Imaxdi? Para facernos unha idea, como sería a vosa empresa de no contar no seu seo con este piar da innovación propia?

-Como vos podedes imaxinar, as áreas de traballo da nosa empresa somentes son concibibles cun elevado esforzo na Investigación e o Desenvolvemento. Ademais forma parte da propia cultura interna da empresa. A nos gústanos pensar en Imaxdi como centro de investigación aplicada cuxo obxecto de negocio é xustamente a obtención de tecnoloxías disruptivas que podan ser explotadas ben directamente ou ben a través de terceiras empresas vía join-venture ou royalties por patente.

Este modelo de negocio non ten sentido sen un forte investimento en innovación propia e sen definir claramente unha estratexia de participación en consorcios internacionais (europeos) estreitamente vinculados co I+D+i.

-Que liñas de traballo son as primordiais en Imaxdi? É certo que dende a empresa faise fincapé en todo o que teña que ver na mellora da calidade de vida das persoas, pola vía das novas tecnoloxías e servizos da información e a comunicación?

-Como xa comentamos, a nosa empresa centra se centra en desenvolver nosos sistemas tecnolóxicos dentro do universo da denominada mHealth e o denominado well-aging ou vida asistida pola contorna.

Estes temas son aínda moi innovadores pero están chamados a definir un novo modelo asistencial tanto fronte a persoas doentes ou fronte a persoas envellecidas que se soportan sobre as TIC para mellora-la calidade de vida dos cidadáns.

-Que ferramentas ou proxectos de Imaxdi podemos mencionar e resumir brevemente, para facernos unha idea clara do alcance da innovación en materia de saúde e atención?

-Nestes intres estamos a traballar na definición, deseño e validación dun dispositivo móbil que mediante tecnoloxías de realidade aumentada e de servizos asistenciais avanzados poda axudar as persoas con problemas asociados a enfermidades senís a seren máis independentes. Trátase do proxecto Nacodeal financiado dentro do 7º Programa Cadro.

"Para nos os sistemas sanitarios do futuro serán Just-in-time, é dicir, cando e onde os precises"

Tamén estamos a traballar nun novo modelo asistencial tanto para o paciente en casa coma para o paciente hospitalizado que denominamos Salud2020, dentro da convocatoria Inpacto. Este proxecto persegue desenvolver algúns dos sistemas sanitarios do futuro tal e como se definen na axenda da saúde europea para o ano 2020.

Iniciamos este ano tamén a segunda fase do noso proxecto mCardio no que pretendemos atopar liñas de investimento para levar a solución desenvolvida ao mercado sanitario. Estamos a patentar os desenvolvementos e a avanzar na mellora dalgunha das funcionalidades deseñadas a carón do proxecto.

-Outro dos eidos nos que estades a traballar é o da substentabilidade. Nesa liña insírese un proxecto do que informades na vosa páxina web e que nos chamou especialmente a atención. Chámase Cleverlight e o definides como un sistema ecolóxico de iluminación dinámica e intelixente para instalacións públicas. Que nos podedes avanzar sobre isto?

-Neste caso específico tentamos tirar proveito do noso know-how en sensorización e control en tempo real, adquirido a carón dos proxectos de mHealth para solucionar unha problemática totalmente diferente. O obxectivo de Cleverlight é deseñar e validar un innovador sistema de alumeado público que poda "interpretar" as necesidades específicas de alumeado adaptándose de xeito intelixente en función de toda a luz (directa ou indirecta, natural ou artificial).

Creo que cun exemplo enténdese mellor: imaxinemos unha rúa chea de escaparates e de tendas iluminadas; nestas condicións o alumeado público das beirarrúas pode realmente estar case apagado. Se ademais non existe xente paseando non é necesaria demasiada iluminación.

Con Cleverlight, o sistema de alumeado sería quen de detectar as persoas que están a pasear e decidir a intensidade de alumeado en función, como dicía antes, das condicións de luz existentes en cada intre. Ademais os farois "falarían" unhas coas outras indicándose como teñen que ir axeitando a súas condicións de iluminación en función da velocidade dos paseantes.

Trátase de emprega-la innovación en temas como "Internet das Cousas" para producir un aforro enerxético. Compre dicir que este proxecto estase a levar a cabo coa empresa Hidroscivil S.L., un referente no emprego de solucións innovadoras en obra pública.

Cómo ser mellores usuarios de tecnoloxía

Emilio Duró nunha imaxe de David Martín, Sukiweb

O CPEIG organizou tres charlas sobre o papel do factor humano para o medre dunha empresa

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) organizou os días pasados un interesante ciclo de relatorios onde, a través de tres convidados de primeira liña en análise tecnolóxico-dixital, achegáronse claves de valor sobre como adaptarnos aos cambios que imprime a Sociedade do Coñecemento e, aínda máis, como tirarlles o máximo partido a nivel persoal, empresarial ou institucional. Estas xornadas sobre tecnoloxía, liderado e intelixencia emocional trouxeron a Compostela (máis polo miúdo á Facultade de Ciencias da Comunicación) a Enrique Dans, Emilio Duró e Luis Huete, cada un deles achegando o seu punto de vista particular sobre os pasos a seguir para sermos mellores usuarios de tecnoloxía ao tempo que contribuímos a crear unha Internet máis eficaz, solidaria, accesíbel e transparente.

Este ciclo de charlas, programado en colaboración coa Xunta de Galicia, está dirixido a complementar os coñecementos técnicos dos/as executivos/as de empresas e de todas aquelas persoas que participan en organizacións coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida mediante a potenciación das aptitudes fundamentais, a través da consideración do capital humano como recurso na procura de vantaxes competitivas.

Luis Huete sinala á rebeldía como clave para mellorar as empresas

A máis recente intervención foi a de Luis Huete, experto en dirección e adestramento empresarial, que apelou ao espírito de rebeldía que levamos dentro como método básico para encararmos unha aventura empresarial: "Son precisos reformistas e inconformistas para escachar o colo de botella no que se converteron as institucións e empresas", dixo Huete na xornada do sábado 18 de xuño, derradeira das tres previstas e desenvolvida baixo o seguinte epígrafe: Transformando organizacións ao ritmo dos mercados. Ao seu xuízo, a Rede sírvenos como apoio de primeira orde para buscar novos camiños no que se refire á xestión e dirección corporativa ao tempo que pode ser, perfectamente, a xanela que nos dá visión directa ao que está pasando. Na súa opinión, é preciso facer ben tres cousas en canto á organización empresarial: un bo diagnóstico, é dicir, saber que está a acontecer; ter visión de futuro convincente e inspiradora, e ter capacidade de mobilizar xente. A xuízo de Huete, hai que deseñar morfoloxías novas de empresas que se adapten ao terreo, dependendo do eido no que se mova, e adaptarse a este. Como todo cambio, tanto de contido como de feitura, está claro que se pode provocar algo semellante a un vertixe, na súa opinión unha "certa néboa", polo que é necesario que vaiamos a modiño e que fagamos (se é preciso) máis lento o ritmo da empresa.

Na nosa contra, en oposición a todo cambio en mans do tecnolóxico e da innovación, teremos o equivalente a todo cambio social ou cultural: un conxunto de valores que xa non teñen porqué seguir vixentes, aínda que o parezan, crenzas, prexuízos e demais. Na súa opinión, todo este lastre que inmobiliza e que de teimar en conservalo, pódenos levar á desaparición da empresa, transfórmase radicalmente cos novos símbolos e co papel que xoga "a exemplaridade dos directivos na boa marcha da organización". Isto tradúcese, de xeito paradoxal, en algo que vén de antigo: contaxiar a ilusión.

Luis Huete, licenciado en Dereito, é profesor de IESE Business School desde 1982. Foi profesor nos programas Achieving Breakthrough Service e Advance Management de Harvard Business School (Boston). Como profeso visitante participa regularmente en programas da ESMT (Berlín), ISEM Fashion Business School (Madrid) e outras escolas de negocio de prestixio. Asemade, é autor de nove libros de referencia do management en España.

Emilio Duró aposta polo coeficiente de optimismo

Emilio Duró, un dos meirandes expertos no territorio estatal en materia de intelixencia emocional (a parte do noso entendemento que mellor coñece e identifica os sentimentos propios e dos demais), estivo en Compostela para achegar a súa visión sobre dirección empresarial na era do coñecemento no ciclo de relatorios de tecnoloxía e liderado que organizou o CPEIG. A cita de Duró en Santiago, á que asistiron arredor de 250 persoas, tivo un eixe temático fundamental: o coeficiente de optimismo como alicerce do rendemento persoal e profesional. Dito doutro xeito: salientou o potencial do noso lado máis humano e próximo como materia prima básica de toda fórmula dirixida a crear un antes (peor) e un despois (mellor) a nivel corporativo e, tamén, persoal.

En definitiva, defendeu unha busca constante de nós mesmos, en detrimento do estudo de cousas que nos son máis alleas (números, cifras, abstraccións, probabilidades, estudos), para acadar niveis de satisfacción e autonomía que, por forza, materializaranse tamén en melloras empresariais.

Segundo explicou Duró, hai constantes e numerosos informes que certifican isto, e en boa parte deles apúntase a que case o 90% do éxito profesional deriva da actitude que se adopte perante o día a día, depende pois do noso optimismo e da nosa felicidade. Asemade, destacou a importancia da busca da calidade de vida dos traballadores a prol dunha redución do número de depresións e ansiedades, que constitúen "o maior custo laboral para unha empresa", comentou Duró, polo que é unha realidade que un bo número de empresas innovadoras do sector estean a investir neste cambio de actitude tanto a nivel individual como colectivo.

O relatorio de Duró desenvolveuse baixo o seguinte epígrafe: A xestión da ilusión e o coeficiente de optimismo en épocas de cambio.

Sinalou ademais que investigacións recentes apuntan a que a calidade no desempeño profesional depende, sobre todo, da calidade persoal que achega a persoa.

Licenciado en Ciencias Económicas e Master en Administración de Empresas pola Escola Superior de Administración e Dirección de Empresas (ESADE), Emilio Duró dedica parte do seu tempo ao estudo da aprendizaxe en idades temperás e, mediante experiencias e anécdotas, adoita demostrar que os fracasos profesionais raramente se deben a causas técnicas e si, en cambio, ao desenvolvemento emocional.

Dans fala da Rede imparábel e do potencial das comunidades en liña

O galego Enrique Dans estivo o pasado 10 de xuño no auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago para achegar unhas cantas ideas de valor sobre un inevitábel proceso que a todas e todos nos colle de cheo, sempre e cando queiramos estar na contorna da vangarda comunicativa e empresarial: a adaptación aos novos escenarios da comunicación e o coñecemento. A súa intervención, inserida no ciclo de charlas sobre liderado e tecnoloxía que organizou o CPEIG, desenvolveuse perante a imaxe dun policía termando da máscara de V de Vendetta, obxecto aparecido no fogar dun dos acusados de levar a cabo ataques informáticos ao acubillo de Anonymous. Non foi casualidade esta presentación, xa que unha boa parte da charla de Dans xirou arredor da natureza das redes sociais e das comunidades que se forman a partir delas, colectivos de todo índole e, algúns deles, directamente encamiñados a atacar o lado máis corrupto do sistema. Ao fío de Anonymous, un exemplo da vertente máis combativa, Enrique Dans amosou a súa desconfianza sobre o seu suposto desmantelamento: "Como poden dicir que detiveron á cúpula deste grupo se é unha agrupación sen líderes nin xerarquía, na que todos somos Anonymous", comentou o profesor do IE Business School ao longo do seu relatorio, unha charla que recolleron polo miúdo medios como Xornal.com, e que proseguiu con cifras para poñérmonos en materia. Cifras sobre o medre de Internet nos últimos tres lustros. "En 1996", comentou, "eran 45 millóns de usuarios lendo, pero moitos menos publicando, só había 250.000 sitios; en 2006, os usuarios chegaron ao billón e as webs roldan os 8.000 millóns". Ao seu xuízo, non queda dúbida de que estamos perante algo incontrolábel, con todo o negativo e con todo o (moito) positivo que achega, unha case total liberdade de expresión, comunicación e mobilización que mesmo foi quen de pór en xaque réximes políticos autoritarios que moitos de nós xa criamos eternos.

Retomando o fío de tódalas cousas que podemos facer para tirarlle o máximo partido á Rede en materia de promoción e impulso, Dans non quixo deixar pasar a oportunidade de destacar o papel despregado por Google, unha empresa que ve aos internautas e ás empresas como materia prima e que permite empregar os seus servizos a cambio de que lle contemos que páxinas son as que máis nos gustan e cales non, datos que logo son o seu produto para vender.

O relator convidado: Luis Huete, co presidente do CPEIG, Fernando Suárez (á dereita) e o decano de Ciencias da Comunicación, Pereira. Na páxina anterior, Enrique Dans durante o seu relatorio.

Convocado o II Premio Proxecto Fin de Carreira

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), un dos máis activos na defensa dos intereses dos seus colexiados (que a día de hoxe son máis de 300), vén de convocar a segunda edición do seu Premio Proxecto Fin de Carreira, que concede 1.000 euros en metálico ao gañador ou gañadora.

O galardón, que o ente colexial organiza para achegarse ao colectivo estudantil e incentivar o seu esforzo, vai dirixido a estudantes de Enxeñaría en Informática de calquera das universidades galegas, que realizaran os seus proxectos fin de carreira nos últimos dous anos (2010 ou 2011).

Para optar a este premio, as persoas interesadas deberán enviar os seus proxectos a informacion@cpeig.org antes do 15 de setembro. Para daquela, unha comisión experta, integrada por docentes universitarios e representantes do CPEIG, valorará os traballos recibidos e seleccionará o gañador, que dará a coñecer durante a gala da Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, no mes de outubro.

Seguridade: ingrediente básico

A asociación Ineo tómalle o pulso á innovación das súas empresas no eido da protección informática

Os ataques informáticos son crecentes e é cada vez máis complexo detectalos e moito máis resolvelos. A nova realidade produtiva obriga a protexer a información sensible das organizacións, erixida como factor determinante e distintivo do seu modelo de negocio, produtividade e rendemento futuro. A innovación en seguridade forma parte das empresas. Contar con ela é facer unha aposta de futuro: desde a seguridade nos postos de traballo, o acceso aos seus recursos, a monitorización para coñecer en todo momento o que está a ocorrer na súa contorna, a implantación de Centros de Procesamento de Datos (CPDs) principais ou de apoio, até a xestión do largo de banda. A seguridade sempre foi un requisito fundamental para as empresas e as solución van evolucionando para garantir contornas seguras, con independencia do sector no que a empresa desenvolva a súa actividade.

A adopción dun sistema de xestión da seguridade da información (SGSI) é a día de hoxe una das opcións máis demandadas polas organizacións que buscan salvagardar un dos seus activos máis importantes: a información. A definición e implantación dun SGSI baixo os parámetros da norma ISO/IEC 27001 garante a confidencialidade, integridade, e dispoñibilidade da información que manexa a organización. A definición, desenvolvemento e posterior posta en marcha dun SGSI pode resultar sinxelo pois son varias as empresas que ofrecen proxectos integrais de implantación de sistemas de xestión de seguridade da información: desde formación até consultaría. **LambdaCT** é unha das empresas que ofrece este tipo de servizo e que a día de hoxe levou a cabo con éxito preto de 20 implantacións da norma ISO/IEC 27001 en distintas empresas.

LAMBDA CALIDAD Y TECNOLOGÍA

Lozoya y Torres
Asesores Jurídicos

O asesoramento para a incorporación das novas tecnoloxías de forma segura é un dos servizos máis demandados por empresas e particulares aos despachos xurídicos profesionais. Entre os servizos máis demandados nesta materia poden destacarse os seguintes: Consultaría en Cumprimento Normativo (Compliance), Consultaría e Asesoría en materia de Protección de Datos, Auditoría de cumprimento da LOPD, Asesoría para a implantación do Esquema Nacional de Seguridade, Asesoría en LSSI, Defensa da Reputación persoal ou Corporativa, Dereito ao Esquecemento, servizos de defensa xurídica fronte a incidencias de seguridade e delitos informáticos, así como asesoramento xurídico para a obtención de evidencias electrónicas. **Lozoya y Torres, Abogados** é un despacho profesional especializado en asesorar a empresas e particulares para a incorporación das novas tecnoloxías na súa actividade de forma segura, achegando confianza e minimizando os posibles riscos legais que o uso destas novas tecnoloxías poida levar.

Os-NetBack realiza dun modo seguro e eficaz copias de

NextVision
IT + SEGURIDAD

se-
gu-
rida-
de de
servido-
res e PCs.
Trátase dun
servidor baseado en software libre que realiza copias de seguridade en rede monitorizadas permitindo realizar a copia de, por exemplo, 300Xb en 10 PCs/Servidores en cuestión de minutos, mantendo copias históricas de 360 días ou máis, con replica remota (nunha 2ª localización) ou USB. Esta ferramenta caracterízase por ser de moi sinxela instalación e despregamento permitindo unha doada e completa recuperación de datos a través do seu interface web seguro e achegando unha completa monitorización remota por parte do distribuidor TIC de todos os seus sistemas. Así, ofrece un servizo que garante a execución e fiabilidade das copias de seguridade. Desenvolvido pola empresa **Open-Soft Servizos Informáticos** con sede en Nigrán (Pontevedra), Os-NetBack está deseñado en cinco idiomas -español, galego, portugués, inglés e francés-, e foi recoñecido o pasado ano 2010 co Premio Ineo á mellor Aplicación TIC.

•NextVision SOC (Security Operation Center) permite brindar servizos de seguridade xestionada, monitorizar e analizar todo tipo de eventos de sistemas, de forma centralizada e co soporte de persoal experto en Seguridade da Información. Co NextVision SOC en marcha, os compoñentes da rede monitorizanse permanentemente emitindo alertas por situacións diversas, como caída de servizos, ataques por parte de hackers, incidentes como apertura de portas en horarios non autorizados, ou alertas ambientais, como desvíos dos límites admisibles de temperaturas.

•DragonFly Business Server é un servidor para pequenas e medianas empresas con todos os servizos básicos de infraestrutura TIC, que as firmas necesitan para dispor dunha rede funcional e profesional, cun investimento e custos operacionais reducidos, xa que integra nun mesmo dispositivo:

-Servidor de infraestrutura
-Gateway e optimización do largo de banda
-Servidor de seguridade (UTM)
-Servidor de oficina e aplicacións
-Comunicacións: correo, mensaxeiría, telefonía, videoconferencia, etc.

Ambas as solucións foron desenvolvidas polo departamento de I+D de **Nextvision Ibérica**, empresa con máis de 20 anos de experiencia no diagnóstico da seguridade da información co obxectivo de minimizar os riscos do cibercrime nas empresas e organizacións.

As empresas non só deben cubrir as necesidades actuais en materia de seguridade da información senón que ademais deben engadir niveis adicionais de seguridade en función da realidade da organización en concreto. Por iso faise imprescindible contar con solucións que permitan establecer conexións seguras nos accesos remotos, por exemplo, fundamental naquelas organizacións nas que os traballadores teletraballan ou viaxan decote.

emetel
technological_culture

Neste ámbito actúan solucións de SSL VPN como as de Checkpoint, Juniper ou Cisco que teñen como punto de partida uns requisitos mínimos de seguridade que deben cumprir os clientes para conectarse. Así, en función das súas localizacións poderán acceder a determinados recursos e información (grazas a xestores de capacidade e proxys como os de BlueCoat), evitando consultar documentos sensibles da rede corporativa no caso de que a localización sexa potencialmente insegura. Desta forma, unha plataforma de seguridade convértese nun "ecosistema" de seguridade actualizado, cunha xestión única e centralizada de todas as opcións, incluíndo aspectos tecnolóxicos pero tamén de procedemento e legais e reducindo custos de operación e mantemento. A empresa **Emetel**, provedora de servizos TIC, xa ten implantado con éxito este tipo de sistemas de seguridade en empresas de gran magnitude como FINSA, Adolfo Domínguez ou CRTVG.

A progresiva informatización dos procesos administrativos e de negocio; o tratamento automatizado dos datos de carácter persoal e a maior esixencia legal ao respecto ou o emprego de Internet (redes sociais, tenda en liña) nos procesos de negocio explican a crecente preocupación por garantir a Seguridade dos Datos. Logo xorden unha serie de cuestións como: Quen accedeu á miña información? Estaba autorizado a facelo? Estou preparado ante unha incidencia que poña en risco o meu negocio? Está o meu persoal capacitado? Para conseguir unha verdadeira vantaxe competitiva e que marque as diferenzas, as solucións deben estar orientadas ó directivo e garantir a seguridade do estado da información. Entre as solucións máis demandadas están as seguintes: estudos da seguridade perimetral, controis de acceso, permisos de usuario, virtualización, copias de seguridade, borrado seguro ou computación na nube. A empresa InfoJC ofrece un amplo catálogo de servizos en materia de seguridade no que se inclúen todas estas solucións. **InfoJC** dende os seus xa trinta anos de percorrido empresarial, traballa por "Achegar a seguridade da información ao empresario da pequena e mediana empresa".

os-netback
su información asegurada

Con "c" de cultura

Na Rede máis de 300 pezas de tradición oral

Hai cidadáns e cidadáns, e hai internautas e internautas. Esta cousa tan obvia e tan en aparencia baleira vén a conto para poñer sobre a mesma a seguinte realidade: nin todos os cidadáns contribuímos na mesma maneira á mellora da sociedade na que vivimos nin tódolos internautas fan o mesmo pola propia Rede e pola cultura da que proceden. Entre as persoas que máis están a enriquecer a Rede coas súas achegas ao tempo que traballan pola preservación do noso están Antonio Reigosa e os seus colaboradores. Reigosa, do que xa temos falado en Código Cero para dar conta da web Galicia Encantada (a páxina sobre esa parte galega que se nos vai perdendo: a parte máxica), é un dos responsables doutra iniciativa de interese etnográfico e cultural con claras ligazóns tecnolóxicas: as polafías. Podemos velas en www.aelg.org/Polafias.

Segundo nos conta o Consello da Cultura Galega nunha extensa reportaxe sobre a nova liña de traballo de Reigosa (ou non tan nova, xa que está en marcha dende 2007), as polafías veñen da man da Asociación de Escritores en Lingua Galega, a través da súa sección de Literatura Oral. Trátase dunha iniciativa de recuperación e reivindicación da nosa cultura tradicional, historias populares que todas e todos nós escoitamos decote e que, en maior ou menor medida, cáusannos preocupación e inquietude, non polo que se conta (aínda que ás veces tamén) senón polo indefinido que resulta o panorama da súa preservación, nestes tempos en que todo está na Rede e o que non está case non existe. Coa idea de conservalas do mellor xeito posible, alí onde as novas xeracións si que son quen de pegar a orella, o equipo que coordina Antonio Reigosa comezou en 2007 un inxente traballo de colleita destes contos, cancións e historias populares galegas para logo envorcalos á Rede. O traballo despregado até o de agora é sorprendente: o equipo responsábel das polafías xa cruzou a liña dos 300 vídeos de tradición oral en Internet.

"O proxecto ten por obxecto divulgar e dinamizar a oralidade, especialmente no que se refire á tradición oral, e de paso a música e todo o relacionado coa transmisión de cultura por esta vía", conta Reigosa na reportaxe da CCG a propósito dunha iniciativa cuxo nome deriva da mestura de varias das denominacións que se lles dan ás xuntanzas festivas en varios recantos da nosa terra: fiadeiros, fía, fiandóns, polavilas ou seráns, entre outros.

Precisamente, o método de traballo do equipo responsábel desta iniciativa baséase, en boa medida, en tirar o máximo partido destes encontros, especialmente ricos en fluxo de historias populares e cancións tradicionais. Froito deste labor de procura e de rexistro, a páxina do proxecto xa dá acubillo a máis de 300 pezas, gravadas ao longo e ancho das nosas catro provincias, aínda que foi na Coruña e en Lugo onde máis se fixeron debido ao apoio máis directo das súas dúas deputacións.

Polo que atinxe á web e aos vídeos aos que dá acubillo, tecnolóxica e tematicamente falando, dicir que todo está feito para que o camiño do internauta ás pezas en cuestión sexa o máis directo e doado posible. Os rexistros, que aparecen clasificados por xénero, inclúen logo importante información sobre as persoas que contribuíron á preservación dixital das historias, o seu nome, a súa idade, o lugar onde viven, etc. Tamén se achega a posibilidade de puntuar os vídeos e un texto de presentación, ben completiño, onde se nos fai un percorrido pola vida dos contribuíntes.

Presentación dos traballos do Instituto da Lingua Galega, celebrada no Pazo de Fonseca en Santiago

Dixitalización de 2.000 horas de gravacións do Arquivo Do Galego Oral

O traballo de preservación da nosa identidade e do noso pasado que está a despregar en materia de rexistros sonoros o Instituto da Lingua Galega dende comezos dos anos 70 vén de recibir un novo pulo para acadar visibilidade definitiva na Sociedade da Información. Máis polo miúdo, cómpre sinalar que se trata do resultado dun inxente labor de recompilación de entrevistas con 7.000 veciñas e veciños da nosa terra, encontros que deron como resultado arredor de 2.000 horas de gravacións. Este Arquivo do Galego Oral, que vén collendo forma dende o ano 1974, comezará en breve unha nova andaina na Internet, onde se porá totalmente a disposición da comunidade.

Para isto, contará co apoio de institucións como a Secretaría Xeral de Política Lingüística, apoio que servirá entre outras cousas para a posta en marcha dunha nova páxina web que lles dea difusión xeral ás gravacións, das que xa podemos ver un exemplo na web actual do Arquivo, ilg.usc.es/ago.

Así o deu a coñecer os días pasados o responsable deste departamento, Anxo Lorenzo, que afondou na necesidade de que "os investigadores sobre a lingua galega deben facer visible o seu traballo para que este poida ser apreciado e tamén para que resulte útil para a sociedade".

Por certo que a colaboración da Secretaría Xeral co ILG (que se remonta a 2007) vai alén do apoio ao rexistro sonoro, materializándose tamén noutros proxectos como o Tesouro Informatizado da Lingua Galega, a edición e elaboración dos materiais galegos do Atlas Lingüístico da Península Ibérica e o Atlas Lingüístico Galego, entre outros.

Na presentación dos traballos do Instituto, celebrada no Pazo de Fonseca en Santiago, tamén se deu a coñecer a devandita escolma dos etnotextos que o ILG ten dispoñibles xa na súa páxina web, albergada dentro do miolo dixital da USC. Amais de Anxo Lorenzo, tamén concorreron na presentación o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan José Casares Long; o director do AGO, Francisco Fernández Rei; e a subdirectora, Carme Hermida Gulías.

TREBELLOS TECNOLÓXICOS

Mans libres para telefonía fixa sen fíos

Nos fogares hai tempo que son populares os teléfonos sen fíos con tecnoloxía DECT, que facilitan o uso de varios terminais cunha única base, e aínda que boa parte destes dispositivos conte con modos de funcionamento en mans libres, seguen a ter un tamaño considerable e son pouco transportables, de aí que Siemens comercialice o novo Gigaset L410, un pequeno mans libres que en vez de emparellarse por Bluetooth co noso móbil, pode funcionar na nosa rede sen fíos de telefonía fixa, ata a unha distancia de 50 metros da súa base (en interiores) e cunha autonomía de 120 horas en espera e 5 horas en conversa.

O Gigaset L410 mide 79 x 36 x 20 milímetros, pesa 31 gramos, ten 5 niveis de volume dos seus tons de chamada, pode vestirse grazas a unha pinza na súa parte traseira e inclúe unha base de carga. O seu prezo de venda é de 50 euros, e supón un complemento ideal para que quere empregar a telefonía móbil mentres realiza actividades como cociñar, limpar ou traballar no ordenador.

Asus quere combinar móbil e tablet nun único dispositivo

O produto máis rechamante no último Computex de Taipei foi a última novidade de Asus, pois a compañía asiática tivo a ben presentar o seu Padfone, un dispositivo que mestura un móbil Android cun tablet.

O concepto sería unha analoxía ao uso de grandes monitores externos en combinación cun ordenador portátil, de xeito que poderiamos levar sempre connosco un móbil de Asus que, para poder gozar de maior autonomía e dunha maior pantalla podería inserirse nunha carcasa de tablet.

Esta xogada de Asus parece bastante intelixente, pois é ben certo que a meirande parte dos tablets a nivel de hardware non son outra cousa máis que un smartphone con pantalla grande, polo que fusionar ambos dispositivos supón un aforro significativo.

O Padfone está composto por un móbil con pantalla de 4,3 polgadas e unha base-tablet con pantalla de 10,1 polgadas. Polo momento non se detalla a versión de Android que terá este orixinal produto, pero parece probable que o seu lanzamento adíese ata que estea dispoñible una nova versión de Android que fusione as actuais versión 2.x (para móbiles) e 3.x (para tablets) do sistema operativo promovido por Google.

A PlayStation VITA sorprenderá pola súa potencia

A nova consola portátil de Sony xa ten definidas as súas características técnicas e o seu prezo, de xeito que de cara ao Nadal debería chegar ás tendas (aínda que non confirmaron que a vaiamos a ter en Europa antes de 2012) a PlayStation VITA nun modelo con Wi-Fi por 249 euros e noutro con Wi-Fi e 3G por 299 euros, pero son moitos outros os detalles que dan a entender que estamos ante un dispositivo con moitas posibilidades como que opera cun procesador ARM Cortex A9 de 4 núcleos, cunha gráfica SGX543MP4+, pantalla táctil OLED de 5 polgadas cunha resolución de 960 x 544 píxeles (superando graficamente ás consolas domésticas de definición estándar) e capacidade multi-táctiles, parte traseira tamén multi-táctil, cámaras frontal e traseira, altofalantes estéreo, micrófono, sensores de movemento Six-axis (un xiroscopio de 3 eixes e un acelerómetro de 3 eixes), un compás dixital de 3 eixes, GPS integrado (no modelo 3G), Wi-Fi N, Bluetooth 2.1, lector de tarxetas PlayStation VITA, lector de tarxetas de memoria, fenda para tarxeta SIM (no modelo 3G), porto multifunción (para USB, entrada de corrente, saída de son estéreo e entrada mono e comunicación de datos en serie), toma de auriculares estándar (con saída estéreo e entrada mono), porto para accesorios e unhas medidas externas estimadas de 182 x 83,5 x 18,6 milímetros.



No que a controis é moi semellante á anterior PSP, pero incorpora un segundo control analóxico, o que facilitará o uso de xogos de acción.



Código QR

Primeiro trailer do novo Tomb Raider

TOMB RAIDER

O novo Tomb Raider estrea trailer

Marcus Fernández

Co gallo da feira de videoxogos E3 que tivo lugar as pasadas semanas Crystal Dynamics estreou o trailer de Tomb Raider, videoxogos que pretende reescribir a historia de Lara Croft para reanimar a súa saga de xogos que supera os 14 anos.

Na nova aventura meterémonos na pel dunha Lara Croft con 21 anos e con pouca experiencia, que en vez de andar na procura de tesouros arqueolóxicos deberá sobrevivir a duras condicións tras o naufraxio do barco no que viaxaba.

O novo trailer non amosa realmente cómo será este videoxogo, senón que está composto por escenas cinemáticas que nos introducen á súa historia, dando a entender que estaremos ante un título no que haberá que progresar paulatinamente, para rematar cun personaxe coas habilidades ás que estamos afeitos. Por desgraza aínda haberá que agardar ao outono de 2012 para ver este xogo que está a desenvolverse para PC, PlayStation 3 e Xbox 360.

TEAM FORTRESS 2

Team Fortress 2 pasa a ser de balde

Nos últimos días parece que moitos xogos en liña recoñecidos están a mudar o seu modelo de negocio ao free-to-play, no que parece unha tendencia imparable á que vén de sumarse Team Fortress 2, un xogo que leva preto de 4 anos gozando de grande popularidade e que agora pode descargarse de balde a través de Steam, para poder así gozar deste divertido título de Valve tanto en Windows como en Mac OS X, que podería disparar a súa base de xogadores (non só deste título, senón da plataforma Steam en xeral), que poderán acceder a unha tenda integrada no xogo, para adquirir elementos adicionais, o que en moitos casos supón unha liña de negocio moito máis axeitada que a venda de subscricións mensuais.

Os usuarios que xa pagaran polo Team Fortress 2 pasarán a ter agora un acceso Premium ao xogo, o que supón mochilas de maior capacidade e moitas outras posibilidades que explican dende a guía de preguntas máis frecuentes do xogo.

www.codigocero.com

25 xullo

25

Cumprimos 10 anos

UNA VISIÓN INNOVADORA SOBRE LOS CENTROS DE DATOS

A partir de hoy, convergencia es mucho más que un nuevo concepto

En los últimos años, el presupuesto de TI se ha dedicado en un 70% a mantener la tecnología actual, y tan sólo el 30% de ese presupuesto a innovación. La nueva Infraestructura Convergente de HP permite cambiar este ratio, consiguiendo dedicar el 70% a inversión y sólo el 30% a gastos de operaciones y mantenimiento.

¿Quiere liberar el enorme potencial de sus sistemas de TI? Ahora es el momento. Las nuevas soluciones de Infraestructura Convergente de HP le permiten llevar a cabo una transición de modo rápido y sencillo desde tecnologías silos centradas en productos a infraestructuras altamente flexibles y convergentes capaces de ajustarse inmediatamente a las dinámicas y cambiantes necesidades de negocio, desplegando cualquier aplicación, en cualquier lugar y en cualquier momento. La Infraestructura Convergente de HP le permitirá:

- Transformar las TI en un motor para la innovación empresarial
- Detener la proliferación de silos de TI para trabajar de forma integrada
- Optimizar los recursos de TI para satisfacer la demanda del negocio

Tecnología para mejorar los Resultados de Negocio

Descubra cómo HP ayuda a las empresas a liberar el verdadero potencial de las TI y conseguir los mejores resultados de negocio en **www.hp.com/go/ci**

Copyright © 2009 Hewlett-Packard Development Company, L.P.